Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis





Sobre que tipo de colaboración mantivo a Consellería de Cultura coa empresa xestora do Pazo de Sober na primeira etapa deste como hotel, como vai garantir a Xunta a conservación do patrimonio do Pazo dos López de Lemos e o gozo del pola cidadanía, se ten previsto incoar o procedemento para declarar BIC deste pazo ou algún dos seus elementos, así como se vai impulsar algún tipo de colaboración con HOTUSA para o desfrute do Pazo de Sober por parte da cidadanía

- 60909 (10/POP-007217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre como valora a Xunta de Galicia o último informe do Comité de Expertos para a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias

- 60913 (10/POP-007218)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre que pensa facer a Xunta de Galicia para que non se volva repetir a contaminación no encoro das Conchas

- 60916 (10/POP-007219)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre cando ten pensado o Goberno galego rematar o proceso de concentración parcelaria Vilvestro - Figueiras II

- 60918 (10/POP-007220)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre os elementos de viabilidade técnica e financeira do proxecto do Hotel Pazo de Sober que avaliou o IGAPE para concederlle axudas

- 60919 (10/POP-007221)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre cales son as razón polas que a Xunta de Galicia non convoca a comisión de seguimento da couza da pataca

- 60921 (10/POP-007222)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre que factores explican o fracaso das políticas de mobilidade de terras do Goberno galego

- 60923 (10/POP-007223)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre que pensa facer a Xunta de Galicia para facilitar que as explotacións gandeiras galegas poidan cobrar as indemnizacións que lles corresponden



- 60926 (10/POP-007224)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as medidas que ten pensado tomar a Xunta de Galicia ante a situación do sector lácteo galego

- 60927 (10/POP-007225)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre como valora o Goberno galego os últimos datos do INE sobre as bibliotecas en Galicia

- 60931 (10/POP-007226)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre cal é a valoración que fai o Goberno galego do Plan especial de infraestruturas e dotacións para instalación deportivas do Real Club Celta de Vigo e da modificación puntual aprobada polo Pleno do Concello de Mos

- 60933 (10/POP-007254)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre se o Goberno galego, antes de declarar a emerxencia cinexética, estableceu algunha medida de control para diagnosticar a masa poboacional do xabaril antes e despois das medidas derivadas da dita declaración

- 60935 (10/POP-007228)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre cal é o grao de desenvolvemento actual do Plan de Sendas de Galicia

- 60938 (10/POP-007229)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis

Sobre cal é o grao de desenvolvemento actual da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas

- 60940 (10/POP-007230)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 9 máis

Sobre as melloras e actuacións concretas que recolle o proxecto de integración paisaxística do Camiño Francés á súa entrada en Santiago de Compostela

- 60943 (10/POP-007231)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 9 máis

Sobre como están a avanzar os distintos proxectos de integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela



- 60945 (10/POP-007232)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 8 máis

Sobre como están a avanzar as obras de prolongación da Vía Ártabra entre a N-VI e a estrada autonómica AC-221

- 60946 (10/POP-007233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre se o Goberno galego ten a dispoñibilidade de colaborar activamente e facilitar as medidas precisas para a posta en marcha en Galicia da lexislación estatal sobre o dereito á eutanasia e morte digna

- 60948 (10/POP-007234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre se o Goberno galego está cumprindo a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde

- 60950 (10/POP-007235)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre se o Goberno galego cumpre as súas promesas ao abeiro de que non se ten presentado o plan normativo do ano 2019

- 60952 (10/POP-007236)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre que ten que dicir o Goberno galego sobre a situación advertida polo persoal técnico do equipo número 2 da Área de Menores do Servizo da provincia de Pontevedra de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social

- 60954 (10/POP-007237)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre se comparte o Goberno galego que a xustiza ten un papel fundamental na loita contra a violencia machista

- 60956 (10/POP-007238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre se o Goberno galego ten coñecemento das conclusións do estudo-diagnóstico do mapa das emerxencias realizado pola Deputación de Pontevedra na provincia no ano 2018

- 60958 (10/POP-007239)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre se o Goberno galego pode afirmar que o conxunto das illas de San Simón e San Antón, no Concello de Redondela, constitúe un faro da actividade cultural en Galicia

- 60960 (10/POP-007240)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre se o Goberno galego cumpre a Lei de normalización lingüística, do 15 de xuño de 1983, con relación á Xustiza

- 60962 (10/POP-007241)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 6 máis

Sobre se comparte o Goberno galego que non vivir en Vigo ou na Coruña sexa un factor de vulnerabilidade no ámbito da violencia machista na nosa comunidade autónoma

- 60967 (10/POP-007242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre se ten previsto a Xunta de Galicia establecer un procedemento de concorrencia competitiva para a repartición de fondos do Plan Hurbe

- 60971 (10/POP-007243)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as medidas que ten pensado tomar o Goberno galego para que na balsa de Bama se deixen de producir verteduras contaminantes no contorno e, nomeadamente, ao río Brandelos

- 60975 (10/POP-007244)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 7 máis

Sobre como está a avanzar a execución das obras do viario de acceso ao polígono de San Cibrao desde a A-52

- 60977 (10/POP-007245)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre se vai proceder o Goberno galego a declarar a caducidade do procedemento para a actualización e reapertura da mina de Touro por sobrepassar os prazos para a súa tramitacións sinalados no artigo 33.4 da Lei 13/2013, de avaliación ambiental

- 60980 (10/POP-007246)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis

Sobre o estado en que se encontra actualmente o proxecto de conexión das estradas PO-531 coa N-550



- 60986 (10/POP-007247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre se a Xunta de Galicia considera que o informe do Consello de Contas deixa en bo lugar o papel da Administración galega na loita contra a corrupción

- 60988 (10/POP-007248)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre que actuacións específicas recolle o novo contrato de servizo relativo ao programa de inspeccións en pontes e obras de paso que vén aplicando a Xunta nas estradas da súa titularidade

- 60990 (10/POP-007249)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a consideración que fai a Xunta de Galicia das valoracións feitas polo informe da valedora do pobo sobre 2018 respecto do sistema público de saúde de Galicia

- 60992 (10/POP-007250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre que tipo de información ten comprometido a Xunta de Galicia ofrecer aos usuarios/as do sistema público de saúde no proceso de decisión sobre o centro hospitalario en que será intervido

- 60994 (10/POP-007251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre se a Xunta de Galicia considera un proceso natural a existencia do acordo de derivación de pacientes a Povisa dende o sistema público de saúde nun tempo que coincide co proceso de venda do hospital

- 60996 (10/POP-007252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre que valoración fai a Xunta de Galicia do reducido volume de profesionais de logopedia incorporados ao Sergas

- 60998 (10/POP-007253)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre como valora a Xunta de Galicia as dificultades asistenciais que están a suceder na atención primaria a veciños/as da Laracha

- 61003 (10/POP-007255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre a evolución da frota cerqueira galega nos últimos anos

- 61006 (10/POP-007256)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a evolución dos produtos certificados baixo o selo de calidade PescadeRías

- 61007 (10/POP-007257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra

- 61014 (10/POP-007258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co Consello Agrario Galego

- 61016 (10/POP-007259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos sectores agrícola e gandeiro para a prevención do abastecemento de auga en períodos de seca continuada

- 61022 (10/POP-007260)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre os problemas derivados de ter en réxime de concesión o Servizo de urxencias sanitarias do 061

- 61023 (10/POP-007261)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as xestións que está a facer o Goberno galego para solucionar os problemas derivados de ter en réxime de concesión o Servizo de urxencias sanitarias do 061

- 61027 (10/POP-007262)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a situación da frota palangreira de superficie galega dedicada á captura de quenlla

- 61028 (10/POP-007263)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os proxectos que está a desenvolver a Xunta de Galicia para combater de raíz o problema do anisakis



- 61030 (10/POP-007264)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da implementación da política de descartes cero que establece a Política pesqueira común da Unión Europea

- 61038 (10/POP-007265)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da aplicación do Plan Camgal no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas

- 61040 (10/POP-007266)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da evolución da aprobación dos plans locais contra a contaminación mariña nos concellos costeiros de Galicia

- 61042 (10/POP-007267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os resultados acadados na última convocatoria de axudas para a mellora da eficiencia enerxética nas lonxas

- 61044 (10/POP-007268)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os resultados acadados na última convocatoria de axudas para a mellora da xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas

- 61046 (10/POP-007269)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a previsión temporal que manexa a Xunta de Galicia para a expansión territorial da aplicación da gratuidade da tarifa Xente Nova para toda Galicia

- 61050 (10/POP-007270)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e 7 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego da evolución da mellora das zonas produtivas que conforman a ría de Ferrol nos últimos anos

- 61052 (10/POP-007271)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis



Sobre as accións que está levando a cabo Portos de Galicia de cara a mellorar a seguridade no porto de Malpica

- 61056 (10/POP-007272)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o número de asistencias a emerxencias que ten efectuado Gardacostas de Galicia por demanda de Salvamento Marítimo no último ano

- 61057 (10/POP-007273)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as principais novidades que se incorporaron no proceso de actualización do Plan territorial por contaminación mariña accidental de Galicia

- 61058 (10/POP-007274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen e 2 máis

Sobre os proxectos presentados para a convocatoria de obradoiros de emprego para menores de 30 anos

- 61061 (10/POP-007275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a presenza, no plan de erradicación e control da *Cortaderia selloana* ou herba da Pampa, dun apartado específico respecto da situación dos polígonos industriais de Galicia

- 61063 (10/POP-007276)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o cumprimento, por parte do Goberno galego, do artigo 105 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para os concellos da provincia de Pontevedra

- 61066 (10/POP-007277)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións para a posta en funcionamento do proxecto de saneamento integral para a parroquia de Ribadetea

- 61068 (10/POP-007278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a situación sanitaria do concello de Cerdedo-Cotobade

- 61071 (10/POP-007279)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia





Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a partida xenérica da Consellería de Política Social, no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, na que se recolle a reforma da Residencia do Maior de Pontevedra, no barrio de Campolongo

- 61072 (10/POP-007280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación derivada dos cortes no subministración eléctrica provocados polos temporais ocorridos no mes de decembro

- 61074 (10/POP-007281)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego respecto das empresas eléctricas que tardaron varias horas en restablecer a subministración eléctrico logo dos cortes provocados polos temporais ocorridos en decembro

- 61075 (10/POP-007282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a partida xenérica da Consellería de Política Social, no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, na que se recolle a reforma do centro de menores Avelino Montero, en Pontevedra

- 61081 (10/POP-007284)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as conclusións extraídas do informe elaborado polo catedrático de Dereito Internacional Público da Universidade da Coruña sobre o conflito que viven os armadores na fronteira mauritano-marroquí

- 61085 (10/POP-007285)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Consellería de Cultura e Turismo do achado dun campamento romano no castro de Santa Baia da Laracha

- 61099 (10/POP-007286)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación de precariedade do persoal das residencias dependentes da Consellería de Política Social

- 61104 (10/POP-007287)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda



Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre cales son as razóns que explican a baixada na produción de produtos hortícolas

- 61105 (10/POP-007288)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre que actuacións vai realizar o Goberno galego diante da continua baixada na valoración da sanidade pública galega

- 61109 (10/POP-007289)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre se a Xunta de Galicia vai cumprir co pacto de financiamento da Orquestra Sinfónica de Galicia

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

3º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Regulamento 2018/1999 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2018, sobre a gobernanza da Unión da Enerxía e da Acción polo Clima - e a súa modificación parcial pola Decisión 2019/504, de 19 de marzo de 2019- dedica o seu Capítulo 2 aos denominados plans nacionais integrados de enerxía e clima (PNIEC), onde establece, no seu artigo 3.1, a obrigatoriedade para cada estado membro de comunicar o seu PNIEC para o período 2021-2030 á Comisión o 31 de decembro de 2019, como moi tarde, e nel deben concretarse os obxectivos de redución dos gases de efecto invernadoiro (GEI), a penetración das enerxías renovábeis, e de eficiencia enerxética; mais tamén constitúe o marco para futuras autorizacións de proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental (AIA), e doutros plans e programas estatais e autonómicos.

O goberno estatal en funcións aprobou no último Consello de Ministros do mes de febreiro o envío do borrador do PNIEC 2021-2030 á Comisión Europea, quen, en xuño, facía 8 recomendacións ou necesidades de mellora. O borrador do plan, na súa





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tramitación administrativa, foi sometido a información pública e a consultas previas dos principais interesados e das administracións públicas afectadas.

En dito período, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas de Asturias fixo a recomendación de considerar, para o horizonte 2030, os 220 MW que utilizan gases siderúrxicos, recomendación que posibilitou o recente acordo entre a eléctrica Energías de Portugal (EDP), propietaria da térmica de Aboño, e a compañía siderúrxica ArcelorMittal, para o uso dos seus gases excedentes no denominado grupo 1, que utiliza, tamén, carbón de importación, e que tiña previsto o seu peche en 2020 por non terse adaptado á Directiva de Emisións Industriais (DEI); o acordo supón o abandono do carbón e o funcionamento, dende 2022, cunha mestura de gases siderúrxicos e gas natural, o que permite manter o grupo e a continuidade da industria siderúrxica.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Avaliación Ambiental Urbanística de Cantabria propuxo introducir medidas orientadas para que na xestión dos xurros e do esterco sexa posíbel a xeración de biogás ou de electricidade co seu dixestato.

Pola contra, e segundo a información oficial, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas e outros 14 organismos da Xunta que foron consultados non contestaron; tan só a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural contestou, ademais do Instituto de Estudos do Territorio que, non sendo consultado, aportou o seu informe.

Ademais da importancia xa descrita con anterioridade do plan, non se poden negar as implicacións socioeconómicas e laborais negativas que xa está a ter, aínda na fase de borrador, para as comarcas de Ferrol, Eume, Ortelal, e A Mariña, e as que terá para o conxunto do País, produtor excedentario -e obrigado- de enerxía eléctrica e cun tecido industrial deseñado, na súa maior parte, dende dita condición.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son ou van ser as achegas da Xunta de Galiza ao PNIEC 2021-2030?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2020 11:12:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2020 11:12:43**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2020 11:13:05**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2020 11:13:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2020 11:13:21**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2020 11:13:30**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde que se traduce principalmente na necesidade de medios materiais e humanos que poidan facer fronte a unha demanda asistencial de calidade sen sobrecargas de traballo, listas de espera ou falta de especialistas. Devolvendo a capacidade de xestión na Atención Primaria a través de figuras como a de xerente de Atención Primaria que foi eliminada polo Goberno do Partido Popular e que recortou a autonomía na Atención Primaria facendo depender a esta da Atención Hospitalaria.

Parece que gracias as constantes mobilizacións das traballadoras e traballadores do Servizo Galego de Saúde e á sociedade no seu conxunto, o Goberno comeza a elaborar accións encamiñadas a un novo Plan de saúde na Atención Primaria que aínda está en fase de borrador.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Si ben resulta positivo ver que o Goberno sae da fase negación na que estaba, o borrador presentado resulta algo ambiguo e pouco concreto especialmente en materia orzamentaria, unha cuestión fundamental para cubrir a falta de recursos.

Polo anterior preséntase a seguinte pregunta:

- Cal é a porcentaxe orzamentaria que manexa incrementar a Xunta de Galicia para levar a cabo as medidas a medio, curto e longo prazo que se expoñen no Plan?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:05:48**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde que se traduce principalmente na necesidade de medios materiais e humanos que poidan facer fronte a unha demanda asistencial de calidade sen sobrecargas de traballo, listas de espera ou falta de especialistas. Devolvendo a capacidade de xestión na Atención Primaria a través de figuras como a de xerente de Atención Primaria que foi eliminada polo Goberno do Partido Popular e que recortou a autonomía na Atención Primaria facendo depender a esta da Atención Hospitalaria.

Parece que gracias as constantes mobilizacións das traballadoras e traballadores do Servizo Galego de Saúde e á sociedade no seu conxunto, o Goberno comeza a elaborar accións encamiñadas a un novo Plan de saúde na Atención Primaria que aínda está en fase de borrador.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/01/2020 11:26:42  
Nº Rexistro: 60722  
Data envío: 02/01/2020 11:26:42.216

Si ben resulta positivo ver que o Goberno sae da fase negación na que estaba, o borrador presentado resulta algo ambiguo e pouco concreto especialmente en materia orzamentaria, unha cuestión fundamental para cubrir a falta de recursos.

Polo anterior preséntase a seguinte pregunta:

- Considera o Goberno que o presunto incremento de prazas vai a paliar a situación da necesidade inmediata de persoal?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:06:53**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde que se traduce principalmente na necesidade de medios materiais e humanos que poidan facer fronte a unha demanda asistencial de calidade sen sobrecargas de traballo, listas de espera ou falta de especialistas. Devolvendo a capacidade de xestión na Atención Primaria a través de figuras como a de xerente de Atención Primaria que foi eliminada polo Goberno do Partido Popular e que recortou a autonomía na Atención Primaria facendo depender a esta da Atención Hospitalaria.

Parece que gracias as constantes mobilizacións das traballadoras e traballadores do Servizo Galego de Saúde e á sociedade no seu conxunto, o Goberno comeza a elaborar accións encamiñadas a un novo Plan de saúde na Atención Primaria que aínda está en fase de borrador.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Si ben resulta positivo ver que o Goberno sae da fase negación na que estaba, o borrador presentado resulta algo ambiguo e pouco concreto especialmente en materia orzamentaria, unha cuestión fundamental para cubrir a falta de recursos.

Polo anterior preséntase a seguinte pregunta:

- Como pensa o Goberno solucionar o problema concreto da pediatría?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:08:08**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde que se traduce principalmente na necesidade de medios materiais e humanos que poidan facer fronte a unha demanda asistencial de calidade sen sobrecargas de traballo, listas de espera ou falta de especialistas. Devolvendo a capacidade de xestión na Atención Primaria a través de figuras como a de xerente de Atención Primaria que foi eliminada polo Goberno do Partido Popular e que recortou a autonomía na Atención Primaria facendo depender a esta da Atención Hospitalaria.

Parece que gracias as constantes mobilizacións das traballadoras e traballadores do Servizo Galego de Saúde e á sociedade no seu conxunto, o Goberno comeza a elaborar accións encamiñadas a un novo Plan de saúde na Atención Primaria que aínda está en fase de borrador.



Si ben resulta positivo ver que o Goberno sae da fase negación na que estaba, o borrador presentado resulta algo ambiguo e pouco concreto especialmente en materia orzamentaria, unha cuestión fundamental para cubrir a falta de recursos.

Polo anterior preséntase a seguinte pregunta:

- Respecto as competencias de enfermería, pensa poñer máis medios para este colectivo dada a súa actual carga asistencial e a suposta asunción de novas competencias no borrador do Plan?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:09:26**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde que se traduce principalmente na necesidade de medios materiais e humanos que poidan facer fronte a unha demanda asistencial de calidade sen sobrecargas de traballo, listas de espera ou falta de especialistas. Devolvendo a capacidade de xestión na Atención Primaria a través de figuras como a de xerente de Atención Primaria que foi eliminada polo Goberno do Partido Popular e que recortou a autonomía na Atención Primaria facendo depender a esta da Atención Hospitalaria.

Parece que gracias as constantes mobilizacións das traballadoras e traballadores do Servizo Galego de Saúde e á sociedade no seu conxunto, o Goberno comeza a elaborar accións encamiñadas a un novo Plan de saúde na Atención Primaria que aínda está en fase de borrador.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Si ben resulta positivo ver que o Goberno sae da fase negación na que estaba, o borrador presentado resulta algo ambiguo e pouco concreto especialmente en materia orzamentaria, unha cuestión fundamental para cubrir a falta de recursos.

Polo anterior preséntase a seguinte pregunta:

- Por que non contempla o Goberno a curto prazo poñer solución as demandas dos profesionais dos Puntos de Atención Continuada?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:10:39**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde que se traduce principalmente na necesidade de medios materiais e humanos que poidan facer fronte a unha demanda asistencial de calidade sen sobrecargas de traballo, listas de espera ou falta de especialistas. Devolvendo a capacidade de xestión na Atención Primaria a través de figuras como a de xerente de Atención Primaria que foi eliminada polo Goberno do Partido Popular e que recortou a autonomía na Atención Primaria facendo depender a esta da Atención Hospitalaria.

Parece que gracias as constantes mobilizacións das traballadoras e traballadores do Servizo Galego de Saúde e á sociedade no seu conxunto, o Goberno comeza a elaborar accións encamiñadas a un novo Plan de saúde na Atención Primaria que aínda está en fase de borrador.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Si ben resulta positivo ver que o Goberno sae da fase negación na que estaba, o borrador presentado resulta algo ambiguo e pouco concreto especialmente en materia orzamentaria, unha cuestión fundamental para cubrir a falta de recursos.

Polo anterior preséntase a seguinte pregunta:

- Por que non se recupera a figura da xerencia de Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:11:41**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde que se traduce principalmente na necesidade de medios materiais e humanos que poidan facer fronte a unha demanda asistencial de calidade sen sobrecargas de traballo, listas de espera ou falta de especialistas. Devolvendo a capacidade de xestión na Atención Primaria a través de figuras como a de xerente de Atención Primaria que foi eliminada polo Goberno do Partido Popular e que recortou a autonomía na Atención Primaria facendo depender a esta da Atención Hospitalaria.

Parece que gracias as constantes mobilizacións das traballadoras e traballadores do Servizo Galego de Saúde e á sociedade no seu conxunto, o Goberno comeza a elaborar accións encamiñadas a un novo Plan de saúde na Atención Primaria que aínda está en fase de borrador.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Si ben resulta positivo ver que o Goberno sae da fase negación na que estaba, o borrador presentado resulta algo ambiguo e pouco concreto especialmente en materia orzamentaria, unha cuestión fundamental para cubrir a falta de recursos.

Polo anterior preséntase a seguinte pregunta:

7.ª) Cales foron os criterios empregados para a creación dos grupos de traballo?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:12:50**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde que se traduce principalmente na necesidade de medios materiais e humanos que poidan facer fronte a unha demanda asistencial de calidade sen sobrecargas de traballo, listas de espera ou falta de especialistas. Devolvendo a capacidade de xestión na Atención Primaria a través de figuras como a de xerente de Atención Primaria que foi eliminada polo Goberno do Partido Popular e que recortou a autonomía na Atención Primaria facendo depender a esta da Atención Hospitalaria.

Parece que gracias as constantes mobilizacións das traballadoras e traballadores do Servizo Galego de Saúde e á sociedade no seu conxunto, o Goberno comeza a elaborar accións encamiñadas a un novo Plan de saúde na Atención Primaria que aínda está en fase de borrador.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Si ben resulta positivo ver que o Goberno sae da fase negación na que estaba, o borrador presentado resulta algo ambiguo e pouco concreto especialmente en materia orzamentaria, unha cuestión fundamental para cubrir a falta de recursos.

Polo anterior preséntase a seguinte pregunta:

- Por que non se tivo en conta as xefaturas de servizo de Vigo que presentaron a súa dimisión?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:13:59**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Lei 5/2015, de 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, nace co obxectivo principal de garantir o respecto á calidade de vida e a dignidade das persoas enfermas terminais, identificando como factores determinantes da calidade de vida compoñentes como o benestar físico, psicolóxico ou socioeconómico.

Atópanse entre os principios básicos da Lei, a protección da dignidade da persoa no proceso final da súa vida así como a salvagarda da intimidade, confidencialidade, liberdade e vontade así como o dereito a recibir coidados paliativos integrais.

Neste sentido, resulta de especial transcendencia artigos como o 11, no que se estipula que as persoas en fase terminal teñen dereito a que se lles proporcionen os coidados paliativos no lugar que, tendo en conta as súas preferencias sexa o máis axeitado ás súas circunstancias persoais, familiares e sociais, así como a necesidade de implantar este tipo de coidados na atención domiciliar ou a creación da Comisión Galega de Coidados Paliativos como instrumento encargado da implantación, impulso e seguimento do Plan Galego de Coidados Paliativos en todas as áreas sanitarias.

Nun sentido parecido en canto as preferencias e circunstancias se refire, o artigo 9.2 da norma, recolle a necesidade de que os centros e institucións sanitarias e socio-sanitarias garantan as mellores condicións relativas ao confort, pudor e



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

intimidade así como o dereito á estancia nunha habitación individual, salvo que circunstancias excepcionais o xustifique.

Con todo, vivimos actualmente un desmantelamento paulatino e programado da sanidade pública, polo que moitos dos dereitos asistenciais da poboación galega están sendo atacados polas políticas do Goberno en materia de sanidade. Os dereitos recollidos nesta Lei non son menos e tanto pacientes como profesionais están a denunciar incumprimento de preceptos legais contidos na norma.

Por todo o anterior, preséntase a seguinte pregunta:

- Que seguimento está a facer a Consellería de Sanidade sobre o grao de cumprimento da Lei?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:28:14**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O desemprego é o principal problema para as galegas e galegos, seguido da precariedade laboral, polo que son os problemas de índole económico os que máis preocupan na nosa sociedade.

Esta última década de Goberno, ten un balance totalmente negativo en materia de emprego, dando como resultado unha perda de 54.000 postos de traballo en dez anos, unha cifra que resulta aínda máis alarmante si temos en conta a caída do 40% do emprego xuvenil, xa que mostra a falta de oportunidades para a xente moza.

Existen actualmente 156.984 persoas desempregadas en Galicia, das que a maioría ademais son persoas paradas de longa duración, unha situación que incrementa a dificultade de volver a traballar e que pon de manifesto unha política insuficiente en materia de atención ás persoas desempregadas.

Resulta totalmente imprescindible tomarse en serio a capacidade de actuación nas políticas activas de emprego, que deben deixar de estar centradas en bonos formativos “*ad hoc*” que rompen coa universalidade da formación e resultan dificilmente controlables en canto a eficacia para cumprir realmente co marco competencial desta materia.

Ademais, ante esta situación, mudar a política económica e apostar por políticas expansivas de gasto e incremento real do salario, que axuden a fortalecer a demanda interna mellorando as condicións materiais de vida da maioría social,



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/01/2020 11:31:50  
Nº Rexistro: 60732  
Data envío: 02/01/2020 11:31:50.624

ten que ser a senda a seguir pola política económica. Neste sentido, tampouco debemos esquecer a necesidade de apostar por un emprego de calidade que permita combater a actual precariedade laboral.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta:

- Considera a Xunta de Galicia que está a realizar unha boa política en materia de emprego pese o balance negativo destes dez anos?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:39:45**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O desemprego é o principal problema para as galegas e galegos, seguido da precariedade laboral, polo que son os problemas de índole económico os que máis preocupan na nosa sociedade.

Esta última década de Goberno, ten un balance totalmente negativo en materia de emprego, dando como resultado unha perda de 54.000 postos de traballo en dez anos, unha cifra que resulta aínda máis alarmante si temos en conta a caída do 40% do emprego xuvenil, xa que mostra a falta de oportunidades para a xente moza.

Existen actualmente 156.984 persoas desempregadas en Galicia, das que a maioría ademais son persoas paradas de longa duración, unha situación que incrementa a dificultade de volver a traballar e que pon de manifesto unha política insuficiente en materia de atención ás persoas desempregadas.

Resulta totalmente imprescindible tomarse en serio a capacidade de actuación nas políticas activas de emprego, que deben deixar de estar centradas en bonos formativos “*ad hoc*” que rompen coa universalidade da formación e resultan dificilmente controlables en canto a eficacia para cumprir realmente co marco competencial desta materia.

Ademais, ante esta situación, mudar a política económica e apostar por políticas expansivas de gasto e incremento real do salario, que axuden a fortalecer a demanda interna mellorando as condicións materiais de vida da maioría social,



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

ten que ser a senda a seguir pola política económica. Neste sentido, tampouco debemos esquecer a necesidade de apostar por un emprego de calidade que permita combater a actual precariedade laboral.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta:

- Teñen pensado levar a cabo algún plan de choque urxente en materia de desemprego que poña especial atención no emprego da xente moza?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:40:47**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O desemprego é o principal problema para as galegas e galegos, seguido da precariedade laboral, polo que son os problemas de índole económico os que máis preocupan na nosa sociedade.

Esta última década de Goberno, ten un balance totalmente negativo en materia de emprego, dando como resultado unha perda de 54.000 postos de traballo en dez anos, unha cifra que resulta aínda máis alarmante si temos en conta a caída do 40% do emprego xuvenil, xa que mostra a falta de oportunidades para a xente moza.

Existen actualmente 156.984 persoas desempregadas en Galicia, das que a maioría ademais son persoas paradas de longa duración, unha situación que incrementa a dificultade de volver a traballar e que pon de manifesto unha política insuficiente en materia de atención ás persoas desempregadas.

Resulta totalmente imprescindible tomarse en serio a capacidade de actuación nas políticas activas de emprego, que deben deixar de estar centradas en bonos formativos “*ad hoc*” que rompen coa universalidade da formación e resultan dificilmente controlables en canto a eficacia para cumprir realmente co marco competencial desta materia.

Ademais, ante esta situación, mudar a política económica e apostar por políticas expansivas de gasto e incremento real do salario, que axuden a fortalecer a demanda interna mellorando as condicións materiais de vida da maioría social,



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

ten que ser a senda a seguir pola política económica. Neste sentido, tampouco debemos esquecer a necesidade de apostar por un emprego de calidade que permita combater a actual precariedade laboral.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta:

- Considera o Goberno que está a desenvolver toda a súa capacidade competencial en materia de políticas activas de emprego?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:41:47**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O desemprego é o principal problema para as galegas e galegos, seguido da precariedade laboral, polo que son os problemas de índole económico os que máis preocupan na nosa sociedade.

Esta última década de Goberno, ten un balance totalmente negativo en materia de emprego, dando como resultado unha perda de 54.000 postos de traballo en dez anos, unha cifra que resulta aínda máis alarmante si temos en conta a caída do 40% do emprego xuvenil, xa que mostra a falta de oportunidades para a xente moza.

Existen actualmente 156.984 persoas desempregadas en Galicia, das que a maioría ademais son persoas paradas de longa duración, unha situación que incrementa a dificultade de volver a traballar e que pon de manifesto unha política insuficiente en materia de atención ás persoas desempregadas.

Resulta totalmente imprescindible tomarse en serio a capacidade de actuación nas políticas activas de emprego, que deben deixar de estar centradas en bonos formativos “*ad hoc*” que rompen coa universalidade da formación e resultan dificilmente controlables en canto a eficacia para cumprir realmente co marco competencial desta materia.

Ademais, ante esta situación, mudar a política económica e apostar por políticas expansivas de gasto e incremento real do salario, que axuden a fortalecer a demanda interna mellorando as condicións materiais de vida da maioría social,



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

ten que ser a senda a seguir pola política económica. Neste sentido, tampouco debemos esquecer a necesidade de apostar por un emprego de calidade que permita combater a actual precariedade laboral.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta:

- Que plan ten o Goberno para reverter a situación de perda de emprego no sector industrial?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:42:48**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O desemprego é o principal problema para as galegas e galegos, seguido da precariedade laboral, polo que son os problemas de índole económico os que máis preocupan na nosa sociedade.

Esta última década de Goberno, ten un balance totalmente negativo en materia de emprego, dando como resultado unha perda de 54.000 postos de traballo en dez anos, unha cifra que resulta aínda máis alarmante si temos en conta a caída do 40% do emprego xuvenil, xa que mostra a falta de oportunidades para a xente moza.

Existen actualmente 156.984 persoas desempregadas en Galicia, das que a maioría ademais son persoas paradas de longa duración, unha situación que incrementa a dificultade de volver a traballar e que pon de manifesto unha política insuficiente en materia de atención ás persoas desempregadas.

Resulta totalmente imprescindible tomarse en serio a capacidade de actuación nas políticas activas de emprego, que deben deixar de estar centradas en bonos formativos “*ad hoc*” que rompen coa universalidade da formación e resultan dificilmente controlables en canto a eficacia para cumprir realmente co marco competencial desta materia.

Ademais, ante esta situación, mudar a política económica e apostar por políticas expansivas de gasto e incremento real do salario, que axuden a fortalecer a demanda interna mellorando as condicións materiais de vida da maioría social,



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/01/2020 11:33:19  
Nº Rexistro: 60736  
Data envío: 02/01/2020 11:33:19.797

ten que ser a senda a seguir pola política económica. Neste sentido, tampouco debemos esquecer a necesidade de apostar por un emprego de calidade que permita combater a actual precariedade laboral.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta:

- Cales son as actuacións que ten realizado nestes últimos anos a Xunta de Galicia en coordinación con outras administracións en materia de políticas activas de emprego?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:43:50**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Actualmente en Galicia as fundacións para a investigación sanitaria carecen dun marco de relación laborais no seu ámbito, polo que as traballadoras e traballadores destas fundacións, atópase actualmente co único amparo en canto a dereitos, nas leis básicas como o propio Estatuto dos Traballadores.

Levan un ano intentado negociar un convenio colectivo galego para as tres fundacións, no que se contemple o seu marco laboral respecto a retribucións, conciliación, permisos... Pero a Xunta de Galicia fai oídos xordos ante unha situación precaria na que se aplican discrecionalmente dereitos laborais que terían que estar contemplados por igual segundo o convenio, xa que non existe antigüidade ou categorías.

A aprobación do convenio é un mínimo legal para as profesionais que desenvolven a súa actividade nas fundacións, clarificar as categorías e establecer escalas de retribución mínima son cuestión básicas que non deberían estar en discusión para a Xunta de Galicia, que está a desenvolver un papel no que non establece propostas, pon liñas vermellas sen amparo documental ou contable e impide o diálogo fluído.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
**PREGUNTA:**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Que interese ten o Goberno en manter sen convenio a este sector?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:52:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Actualmente en Galicia as fundacións para a investigación sanitaria carecen dun marco de relación laborais no seu ámbito, polo que as traballadoras e traballadores destas fundacións, atópanse actualmente co único amparo en canto a dereitos, nas leis básicas como o propio Estatuto dos Traballadores.

Levan un ano intentado negociar un convenio colectivo galego para as tres fundacións, no que se contemple o seu marco laboral respecto a retribucións, conciliación, permisos... Pero a Xunta de Galicia fai oídos xordos ante unha situación precaria na que se aplican discrecionalmente dereitos laborais que terían que estar contemplados por igual segundo o convenio, xa que non existe antigüidade ou categorías.

A aprobación do convenio é un mínimo legal para as profesionais que desenvolven a súa actividade nas fundacións, clarificar as categorías e establecer escalas de retribución mínima son cuestión básicas que non deberían estar en discusión para a Xunta de Galicia, que está a desenvolver un papel no que non establece propostas, pon liñas vermellas sen amparo documental ou contable e impide o diálogo fluído.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
**PREGUNTA:**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Considera a Xunta de Galicia que son xustas estas condicións laborais para o persoal investigador?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:53:07**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Actualmente en Galicia as fundacións para a investigación sanitaria carecen dun marco de relación laborais no seu ámbito, polo que as traballadoras e traballadores destas fundacións, atópanse actualmente co único amparo en canto a dereitos, nas leis básicas como o propio Estatuto dos Traballadores.

Levan un ano intentado negociar un convenio colectivo galego para as tres fundacións, no que se contemple o seu marco laboral respecto a retribucións, conciliación, permisos... Pero a Xunta de Galicia fai oídos xordos ante unha situación precaria na que se aplican discrecionalmente dereitos laborais que terían que estar contemplados por igual segundo o convenio, xa que non existe antigüidade ou categorías.

A aprobación do convenio é un mínimo legal para as profesionais que desenvolven a súa actividade nas fundacións, clarificar as categorías e establecer escalas de retribución mínima son cuestión básicas que non deberían estar en discusión para a Xunta de Galicia, que está a desenvolver un papel no que non establece propostas, pon liñas vermellas sen amparo documental ou contable e impide o diálogo fluído.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
**PREGUNTA:**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Cal é o salario básico que a Xunta de Galicia considera xusto para estas profesionais?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 10:54:36**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda** ao abeiro do artigo 155 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á exposición laboral á sílice cristalina.

A silicose é unha enfermidade crónica respiratoria moi incapacitante de orixe laboral relacionada coa exposición á inhalación de po de sílice cristalina. A enfermidade é recoñecida coma profesional e pode producir fibrose e insuficiencia respiratoria severa propiciando nos peores casos a necesidade de transplante pulmonar e danos cardíacos. Noutros casos á exposición á inhalación de esta substancia poder derivar nun cancro de pulmón.

A perigosidade da exposición ten propiciado normativas de carácter laboral que protexen aos traballadores e traballadoras establecendo límites para a exposición. No caso de España dito límite está marcado en 0,05 mg/m<sup>3</sup>.

Recentemente a Unión Europea ven de aprobar a Directiva 2017/2398 que modifica a Directiva de axentes canceríxenos e mutáxenos marcando límites para diversas substancias coa intención de que os Estados membros adopten alomenos estes cifras máximas de exposición.

Sen embargo no caso da sílice, a acrilamida e o bromoetileno os niveis actuais de protección en España marcan cifras menores, sendo a protección maior para os traballadores e traballadoras.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Inexplicablemente o Goberno en funcións ten presentado un proxecto de Real Decreto na Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo que modifica eses límites, duplicándoos e deteriorando a prevención en materia de saúde laboral e significando un retroceso de dúas décadas de aprobarse.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

- Que valoración fai a Xunta de Galicia de esta posible modificación legislativa e dos actuais servizos e dereitos para as persoas afectadas?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 09:57:24**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Fai tempo que tanto as e os profesionais, como sindicatos, asociacións ou o propio Consello de Contas, veñen denunciando o abuso da temporalidade nas contratacións do SERGAS, ademais de prácticas irregulares en dita contratación consistentes en contratar de luns a venres, dando de baixa a fin de semana para volver a contratar no día laborable seguinte.

A instancias da Inspección de Traballo que actuou movida por unha denuncia formulada polo sindicato de enfermería SATSE, a Tesorería General de la Seguridad Social resolvía que o Servizo Galego de Saúde ten a obriga de cotizar as fins de semana e festivos.

Unha resolución que pese a ser recorrida polo Sergas volve a darlle a razón á Inspección, posto que o único criterio empregado polo Servizo Galego de Saúde é o feito de que os Centros de Saúde non teñen actividade na fin de semana, un criterio non aplicable posto que causaría un agravio comparativo respecto de outras empresas ou entidades tanto públicas ou privadas, que manteñen igualmente contratado ao seu persoal independentemente de que non teñan actividade na fin de semana.

Trátase dunha actuación intolerable que vulnera os dereitos das traballadoras e traballadores, fomentando a precariedade e defraudando á propia Seguridade Social.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Cando pensa o Goberno da Xunta de Galicia cambiar a súa política laboral no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 11:22:52**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Fai tempo que tanto as e os profesionais, como sindicatos, asociacións ou o propio Consello de Contas, veñen denunciando o abuso da temporalidade nas contratacións do SERGAS, ademais de prácticas irregulares en dita contratación consistentes en contratar de luns a venres, dando de baixa a fin de semana para volver a contratar no día laborable seguinte.

A instancias da Inspección de Traballo que actuou movida por unha denuncia formulada polo sindicato de enfermería SATSE, a Tesorería General de la Seguridad Social resolvía que o Servizo Galego de Saúde ten a obriga de cotizar as fins de semana e festivos.

Unha resolución que pese a ser recorrida polo Sergas volve a darlle a razón á Inspección, posto que o único criterio empregado polo Servizo Galego de Saúde é o feito de que os Centros de Saúde non teñen actividade na fin de semana, un criterio non aplicable posto que causaría un agravio comparativo respecto de outras empresas ou entidades tanto públicas ou privadas, que manteñen igualmente contratado ao seu persoal independentemente de que non teñan actividade na fin de semana.

Trátase dunha actuación intolerable que vulnera os dereitos das traballadoras e traballadores, fomentando a precariedade e defraudando á propia Seguridade Social.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Pensa tomar algunha medida respecto a estas resolucións?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 11:24:10**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No ano 2009 o Goberno galego suspendía por decreto, a aplicación dos acordos acadados no ano anterior cos sindicatos do eido sanitario, que situaban as condicións laborais e retributivas das traballadoras galegas coa media do Estado.

O motivo fundamental da suspensión do acordo era a situación económica, polo que a recuperación do mesmo viña condicionada por unha mellora en dita situación.

Oito anos despois da suspensión do acordo, o Goberno anuncia unha mellora nas situación económica, facendo un balance positivo dos recursos económicos así como incrementando os salarios tanto do presidente da Xunta nun 7,5% como dos altos cargos nun 7%.

Sen embargo, a recuperación dos acordos e as condicións retributivas das traballadoras sanitarias seguen sen aplicarse, deixando que se sitúen á cola das condicións laborais e salariais do resto do país.

As condicións do persoal que non se están a recuperar, son dereitos acadados e consolidados que fan referencia a retribucións específicas como por exemplo, un tratamento axeitado das prestacións de servizos nos domingos e festivos, nas gardas dos días 24, 25, 31 de decembro ou 1 de xaneiro.

As organizacións sindicais xa rexistraron ante a Consellería de Sanidade, solicitude para abrir unha mesa de negociación para a recuperación dos acordos acadados.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/01/2020 11:43:14  
Nº Rexistro: 60748  
Data envío: 02/01/2020 11:43:14.097

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Pleno:

- Cando pensa o Goberno abrir unha mesa de negociación coas organizacións sindicais da mesa sectorial do SERGAS para a recuperación dos acordos acadados no 2008?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 02/01/2020 11:17:20**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de que por parte da Xunta de Galiza se dean explicacións polo envío dunha carta asinada polo Presidente da Xunta a nenos e nenas das escolas infantís.

A principios de mes de decembro os/as pais e nais das escolas infantís da Xunta de Galiza recibiron unha comunicación na que se lle informaba de que “con motivo das festas de Nadal, a consellaría quere facer un agasallo a cada familia cunha fotografía do seu neno/a” coa indicación de que só se lles farían a aqueles nenos/as con autorización e de que se farían por parte do consorcio no propio centro.

Vimos de coñecer que ao persoal das escolas infantís da Xunta de Galiza, se lle fixo chegar estas fotos realizadas aos nenos e nenas, coa indicación de que metidas nun sobre, xunto cunha carta do Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feixóo foran entregadas de xeito personalizado en man a cada familia.

Diversos pais e nais fixéronnos chegar o seu malestar e desaprobación por esta actuación, que consideran un gasto superfluo, sen ningunha xustificación. Unha actuación que como mínimo se pode cualificar de electoralista, estamos diante dun caso descarado de uso de recursos públicos para promoción persoal do Presidente da Xunta e o que é máis grave usando aos nenos e nenas como escusa.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pais e nais que seguen agardando unha explicación polos casos de intoxicación alimentar, que non obteñen resposta á falta continuada de pediatras para atender aos seus nenos/as... censuran este gasto e que por parte do Presidente da Xunta non se dirixa ás familias para dar solucións, senón para facer propaganda da súa persoa.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Até cando vai o PP na Xunta de Galiza seguir usando os recursos públicos para a súa publicidade e propaganda?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2020 11:46:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2020 11:46:56**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2020 11:47:03**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2020 11:47:09**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/01/2020 11:47:19**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2020 11:47:27**



## Á Mesa do Parlamento

**Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e María del Carmen Rodríguez Dacosta**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No Consello da Xunta de Galicia celebrado o día 8 de outubro de 2009 foi aprobado o Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado “Eixo de comunicación A-52-Fronteira portuguesa. Treito I: VAC A52-Celanova Sur. Treito II: Celanova Sur - Fronteira portuguesa. Clave OU/01/101.01.75; este decreto saíría publicado no Diario Oficial de Galicia do 22 de outubro dese mesmo a ano.

Na información aos medios relativa a este decreto, podemos ler que o goberno da Comunidade Autónoma de Galicia considera (naquel momento) que:

1. A nova vía de alta capacidade ten como obxectivo dinamizar a comunicación viaria no eixo Ourense-Portugal e diminuír os tempos de percorrido, o que terá repercusións directas no aforro dos custos xeneralizados do transporte de persoas e de mercadorías, así como dos desprazamentos particulares.
2. Este eixo de comunicación estará conformado por unha autovía de nova construción entre a autovía das Rías Baixas e Celanova, que inclúe a variante de Celanova. O resto da actuación ata o límite con Portugal realizarase mediante a mellora e acondicionamento da estrada actual, incluíndo a construción da variante de Bande. Estas obras permitirán reducir a 15 minutos o tempo de percorrido entre Ourense e Portugal, o que supón un 40% menos que na actualidade.

Dez anos e dous meses despois do Consello da Xunta de Galicia e da publicación do DOG do Decreto 396/2009, do 8 de outubro, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do eixe de comunicacións A52- fronteira portuguesa. Treito I: VAC A52-Celanova sur. Treito II: Celanova sur-fronteira portuguesa. Clave OU/01/101.01.75 o presidente da Xunta de Galicia mantén unha reunión con determinados alcaldes a alcaldesas da comarca da Baixa Limia na que volve a anunciar estas obras. Sen embargo, nesa reunión non participan alcaldes que non



pertencen ao Partido Popular de Galicia, como demostra o feito de que nin sequera foran informados os dos concellos de Calvos de Randín, Entrimo ou Vereá. Unha proba máis do nulo respecto que o presidente de todos os galegos e galegas ten polos alcaldes e alcaldesas que non son do seu partido político e que, ao igual que o presidente representa a todos os galegos, os alcaldes representan á totalidade da veciñanza dos seus concellos.

O certo é que as obras anunciadas por segunda vez con dez anos de diferenza xa foran adxudicadas no ano 2009, como pode comprobarse no Anuncio do 10 de marzo de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, polo que se fai pública a adxudicación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do eixe de comunicacións A-52-fronteira portuguesa. Vía de alta capacidade A-52 Celanova (DOG do 6 de abril de 2009).

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que actuacións e con que concreción temporal se van a desenvolver para desenvolver o compromiso re-anunciado polo presidente da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 02 de xaneiro de 2020

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/01/2020 13:52:22**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 02/01/2020 13:52:29**

**María Luisa Pierres López na data 02/01/2020 13:52:42**

**Noela Blanco Rodríguez na data 02/01/2020 13:53:02**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/01/2020 13:56:21  
**Nº Rexistro: 60763**  
Data envío: 02/01/2020 13:56:21.351

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/01/2020 13:53:13**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa do Parlamento

**Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado; Jacobo Moreira Ferro; Antonio Mouriño Villar; Alberto Pazos Couñago; Julia Rodríguez Barreira; Moisés Rodríguez Pérez; Gonzalo Trenor López; Daniel Luis Varela Suanzes-Carpengna**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Acabamos de coñecer a intención do Goberno español de deixar sen servizo de venda de billetes presencial varias estacións de tren da Comunidade desde o 31 de decembro.

Segundo ten trasladado oficialmente Renfe, a intención é deixar de prestar o actual servizo de venda presencial de billetes en oito estacións ferroviarias da Comunidade galega, concretamente: na de Ortigueira, na Coruña; en tres da provincia de Lugo: Burela, Sarria, Viveiro; en dúas da provincia de Ourense: O Carballiño e Ribadavia; e dúas da provincia de Pontevedra: Guillarei (Tui) e Redondela.

Como é sabido, a finais do ano 2016 tamén se produciron noticias que apuntaban a que o trasvase do canal de vendas presencial das estacións de ADIF a Renfe suporía o abandono do servizo da venda presencial de billetes en varias estacións de tren do rural de Galicia. Falábase daquela que se verían afectadas sete estacións de tren: a do Carballiño, Ribadavia, A Rúa e O Barco de Valdeorras, na provincia de Ourense; a de Redondela e Guillarei, na provincia de Pontevedra; e a de Sarria, na provincia de Lugo.

Con todo, a presión trasladada desde distintas institucións, entre elas, a Xunta de Galicia, que mantivo contacto permanente con responsables estatais, e tamén a postura unánime desde Parlamento, tivo como resultado que o ADIF abandonase ese plan de peche de venda de billetes presencial nesas estacións ferroviarias.

Agora, vemos tamén como a Xunta de Galicia xa ten trasladado o seu desacordo con esta medida que pretende implantar o Goberno estatal nestas oito estacións ferroviarias da Comunidade, ao entender que non cumpre co obxectivo de ofrecer servizos ferroviarios de calidade e proximidade, fundamentalmente aos cidadáns do rural.

Desde este grupo parlamentario consideramos este asunto sumamente importante posto que a decisión do Goberno español de deixar sen servizo de venda de billetes presencial a estas oito estacións de tren da nosa Comunidade suporá unha merma na calidade dos servizos que se lle prestan aos cidadáns, un claro prexuízo aos veciños destes concellos e tamén un retroceso no obxectivo da vertebración territorial e da cohesión social, que debería guiar a acción de toda Administración pública.



Polo exposto, desde o Grupo Parlamentario Popular, presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta en **Pleno**:

1.- Que xestións ten feito a Xunta de Galicia desde que coñeceu a decisión do Goberno español de deixar sen servizo de venda de billetes presencial a partir do 31 de decembro oito estacións ferroviarias galegas?

Santiago de Compostela, 02 de xaneiro de 2020.-

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 02/01/2020 13:54:12**

**Martín Fernández Prado na data 02/01/2020 13:54:36**

**Jacobo Moreira Ferro na data 02/01/2020 13:55:01**

**Antonio Mouriño Villar na data 02/01/2020 13:55:15**

**Alberto Pazos Couñago na data 02/01/2020 13:55:35**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 02/01/2020 13:55:52**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 02/01/2020 13:56:10**

**Gonzalo Trenor López na data 02/01/2020 13:56:33**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 02/01/2020 13:56:47**





## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Lugo e a súa provincia ten un rico pasado que se materializa na grande cantidade de restos arqueolóxicos atopados, centos de miles que neste momento se desperdigan por varios centros.

O Concello de Lugo custodia os achados entre 1986 e 1993, e tan só no almacén da vella cárcere acumúlanse máis de 15.000 pezas. O Museo Provincial alberga varios miles máis procedentes de máis de 106 intervencións de envergadura, e cando a súa capacidade foi insuficiente, a Xunta de Galicia, que é responsable de todos os achados dende 1996, decidiu almacenalos no Museo de Viladonga que custodia o patrimonio atopado en toda a provincia dende 2005. De novo as dependencias de Viladonga quedaron pequenas e en 2013 a Xunta de Galicia recorreu a un almacén externo que agora mesmo os especialistas afirman que xa está colapsado.

A todos estes restos acumulados en almacéns de diversas institucións hai que engadir, aínda que pareza imposible, os que están en mans de arqueólogos particulares.

Boa parte destas centenas de miles de pezas arqueolóxicas están catalogadas, pero non o están a totalidade por falta de medios económicos e de persoal. Esta dispersión e escaseza de medios fai tamén que todo este patrimonio non estea estudado e que os investigadores teñan moi difícil senón imposible acceder aos fondos.

Para acabar con esta situación necesítase un museo da Romanización que sexa, non só un centro de exhibición senón tamén de custodia, conservación e investigación, pero nas últimas datas a Consellería de Cultura presentou un proxecto, que incumprindo todas as súas promesas, non pon en marcha o Museo da Romanización no cuartel de San Fernando, senón que o reparte entre un Parador e o MHIL. Nin un Parador, nin o Museo Interactivo teñen as condicións necesarias para facer un museo que incluía un centro de investigación, polo que parece que a Xunta volve a unha idea de museo decimonónico que só exhibe unhas cantas pezas.



Desta maneira continuaría o abandono do noso patrimonio, do que é responsable a Xunta de Galicia o que é unha situación inasumible.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

O Museo da Romanización disperso entre un Parador e un Museo Interactivo que acaba de presentar o conselleiro de Cultura e Turismo en Lugo, incluiría un centro de custodia, conservación e investigación do patrimonio galaico-romano?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 03/01/2020 10:58:34**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/01/2020 10:58:47**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O proxecto de construír un Museo da Romanización en Galicia situado na cidade de Lugo xa que é o centro máis importante desta etapa histórica, ten xa unha longa historia.

No 2001 o goberno do presidente Fraga presentaba a Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico integrado por catro grandes infraestruturas: San Cibrao de Lás, parque da cultura castrexa, Campo Lameiro da arte rupestre, parque do megalitismo na Costa da Morte e o Museo da Romanización de Galicia en Lugo, dado que esta cidade e o referente máis importante da cultura galaico romana.

Foi o goberno presidido por Touriño o que impulsou ese proxecto do Museo da Romanización decidindo que se situase no cuartel de San Fernando, onde por diversas circunstancias non se puido construír o auditorio da cidade. En 2008 firmouse un protocolo entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo polo que este cedía a Xunta de Galicia o cuartel que mercara por 2,4 millóns de euros, e a Xunta de Galicia comprometéase a realizar en el o dito museo.

O presidente Feijoo prometeu en múltiples ocasións seguir co proxecto previsto do Museo da Romanización, que ademais foi ratificado polo Parlamento ao aprobar por unanimidade o 22 de maio unha proposición non de lei do Grupo socialista que instaba a realizar este museo da romanización no cuartel de San Fernando, declarado BIC en 2009.

De feito a Consellería de Cultura convocou un concurso de ideas que adxudicou en agosto de 2010 para rehabilitar o cuartel de san Fernando co fin de convertelo nun museo, rematándose dous anos máis tarde o proxecto básico e de execución e invertendo uns 400.000 euros, segundo os cálculos da consellería, nestas accións e actividades arqueolóxicas dentro do edificio. Así mesmo, o Concello de Lugo cedeu o cuartel á Xunta de Galicia tal como se comprometera no convenio citado.

Pero a partir de 2012 a Xunta de Galicia non fixo nada máis para impulsar este proxecto, aínda que, tanto en respostas parlamentarias como en declaracións aos



medios de comunicación, o presidente Feijoo e os sucesivos conselleiros de Cultura manifestaron que mantiñan o proxecto que só sufría un atraso debido a situación económica o que podería entenderse e así o fixo tanto o concello de Lugo como a cidadanía lucense, confiando en que a Xunta de Galicia cumprira as súas promesas e fixera o museo en canto a situación económica cambiase.

Pero isto non foi así. Despois de moitas escusas, no mes de decembro de 2019 o conselleiro de Cultura presentou ante os medios de comunicación na cidade de Lugo un novo proxecto. Converter o cuartel de san Fernando nun Parador-museo (categoría inexistente), que segundo afirmou tería un custo de 10,8 millóns de euros, dos cales a consellería aportaría a metade e o resto outras administracións, e converter o Museo Interactivo de Historia de Lugo no museo da romanización.

Ante isto, en primeiro lugar hai que dicir presentar un proxecto que xira en torno a dous edificios propiedade do Concello de Lugo nos medios de comunicación e non en primeiro lugar a alcaldesa da cidade e a corporación e unha total falta de respecto institucional, impropia dun dirixente político democrático.

A mesma consideración negativa ofrécenos o feito de que tampouco o proxecto foi presentado con anterioridade nin a Deputación que parece que ten que pagar unha parte, segundo o conselleiro, nin ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, responsable da empresa publica Paradores de Turismo, nin sequera co director da empresa, unha situación insólita porque si Paradores non acepta facer un establecemento en Lugo todo o proxecto fracasa.

De feito, fai poucos días a Secretaría de Estado de Turismo afirmou aos medios de comunicación que non tiña plans para a abrir máis establecementos dos que están en obras, polo tanto descartaría facer un en Lugo, que por outra parte, ninguén solicitou na cidade.

Chama a atención ademais que si facer un parador na cidade é tan sumamente importante como afirmou o conselleiro, non se fixeran as xestións oportunas con anterioridade cando estaba o PP no goberno de España, co que, estamos seguros, a Xunta tiña unha fluída comunicación.

Por outra parte, ante este proxecto presentado polo conselleiro tamén nos preguntamos que tipo de Museo están planeando porque o MIHL, ademais de ser de propiedade municipal, non é en absoluto adecuado para un Museo do tipo que tería que ser o Museo da Romanización. Semella, que o conselleiro está pensando nun tipo de museo decimonónico, que se limita a ter unhas vitrinas con unha serie



de pezas arqueolóxicas e non nun museo moderno que sexa tamén un centro de conservación, rehabilitación, custodia e investigación do patrimonio galaico romano. Non habería sitio para elo no MILH nin nos corredores do presunto parador, onde imaxinamos que iría o museo.

O conselleiro tamén falaba na presentación do proxecto dunha boa utilización dos recursos existentes, e en torno a este loable desexo, parece que esqueceu que a Consellería de Cultura xa, segundo os seus propios datos, invertiu preto de 400.000 euros no Cuartel de San Fernando e que o xa encargou e pagou un proxecto para a súa realización en 2011.

O chamado proxecto integral cultural e turístico deseñado pola consellería para Lugo, pero iso si sen contar en absoluto co lexítimos representantes da cidade de Lugo, incluía tamén, cambiando outra vez de opinión a consellería, o uso do Pazo de dona Urraca para unha sede do CGAC e unha ofician de turismo na casa medieval da Tinería. Polo menos, estes dous edificios son propiedade da Xunta de Galicia.

A verdade é que non se entende a negativa do goberno do PP a facer un museo da Romanización no cuartel de san Fernando. Non se pode entender o incumprimento manifesto das súas promesas pero tampouco se comprende a política cultural que demostra ao non facer ese museo que sería, non un museo de Lugo, senón de toda Galicia e que debería ser o proxecto estrela da administración autonómica, un proxecto de país porque non se comprende que un país co legado romano que nos temos non conte con unha infraestrutura que poña en valor este pasado

Non é estraño que a proposta do conselleiro de Cultura e Turismo non sexa apoiado por ninguén, salvo polo PP, na cidade de Lugo.

O Concello, cuxa alcaldesa e primeiro tenente de alcalde reuníronse co conselleiro, xa manifestaron que querían que o cuartel albergase o Museo da Romanización, e tamén todas as asociacións económicas, sociais e culturais reunidas na Plataforma Cidadá pola Rehabilitación do cuartel de San Fernando, ademais doutras asociacións culturais, acaban de afirmar que o museo da Romanización debe instalarse no cuartel de San Fernando rexeitando polo tanto o proxecto da Consellería.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Segue a manter a Consellería de Cultura e Turismo o proxecto que presentou para non facer o Museo da Romanización no cuartel de San Fernando a pesar de que non é apoiado por ninguén en Lugo salvo polo PP?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 03/01/2020 11:02:11**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/01/2020 11:02:23**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e José Manuel Pérez Seco**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No ano 2009 a Xunta de Galicia inaugurou na rúa do Miño de Lugo, en pleno centro histórico unha oficina de Turismo e un Centro de Interpretación do Camiño Primitivo.

No mes de decembro de 2019 o conselleiro de Cultura anunciou en Lugo que a oficina de Turismo da Xunta de Galicia se faría na casa medieval sita da Tinería coñecida como Hospital de San Miguel que ademais albergaría a sede da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo avanzando nun modelo de colaboración pública-privada para impulsar o turismo enogastronómico, tal como afirmou o conselleiro na presentación do proxecto.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que vai facer a Consellería de Cultura e Turismo co edificio da rúa do Miño de Lugo onde se situaba a oficina da turismo xestionada pola Xunta de Galicia dende o 2009?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
José Manuel Pérez Seco  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/01/2020 11:09:02  
Nº Rexistro: 60797  
Data envío: 03/01/2020 11:09:02.462

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 03/01/2020 11:02:55**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/01/2020 11:03:05**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2020 11:03:14**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Unha xestión hidrolóxica eficaz axuda aos Estados á preparación para os fenómenos meteorolóxicos extremos que, debido ao cambio climático, son cada vez máis frecuentes e causan enormes danos. A aplicación da Directiva Marco da Auga (DMA) de 2000 -a norma da UE máis importante na protección de ríos, humedais e acuíferos- baséase na adopción polos Estados membros dunha serie de medidas rendibles dunha forma transparente e participativa. Como complemento da DMA, en 2007 adoptouse a Directiva sobre inundacións, que obriga aos Estados a avaliar e cartografiar os riscos de inundación e o perigo por inundacións e a xestionalos mediante o establecemento de plans de xestión do risco de inundación.

En 2012, a Comisión Europea avaliou todos os plans hidrolóxicos europeos durante o período 2016-2021. España suspendeu (coincidindo no tempo cos gobernos de Mariano Rajoy e Alberto Núñez Feijóo), incluíndo ese novo informe fortes críticas á xestión da auga levada a cabo durante os últimos anos polo noso país debido ás graves deficiencias na aplicación de políticas europeas da auga a nivel nacional. De feito, dun total de 37 recomendacións, España só aplicara plenamente 6, avanzara parcialmente en 24 e tiña 7 nas que os avances foran nulos. En consecuencia, España foi sancionada, correspondéndolle a responsabilidade de varias desas sancións a Galicia polos reiterados incumprimentos. Por último, a CE solicitou a España que adoptase os novos plans de xestión de seca aprobados a finais de 2018.

Galicia ten un documento de planificación hidrolóxica, o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, co horizonte 2015-2021, plan que foi revisado pero a principios de 2018, sen a intervención do Parlamento e sen memoria económica algunha.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pode afirmar o Goberno galego que o uso da auga na nosa Comunidade está adaptado aos obxectivos ambientais da normativa comunitaria?

Pazo do Parlamento, 02 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 02/01/2020 12:21:31**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/01/2020 12:21:42**

**María Luisa Pierres López na data 02/01/2020 12:21:52**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Desde o ano 2011, as augas do río Furelos, no concello de Melide, teñen análises negativas de Augas de Galicia. O Goberno local (do Partido Popular) sábeo desde aquel momento, aínda que sempre o negou. Ata que, xa en 2015, o entón deputado Xosé Sánchez Bugallo podía comprobar *in situ* que había varios colectores vertendo augas fecais a caño libre e chegando ao río Martagona, afluínte do río Furelos. O Goberno municipal, presidido pola entón alcaldesa e hoxe conselleira de Medio Ambiente, Vivenda e Territorio, non adoptaba medidas correctoras oportunas.

Dáse a circunstancia de que, a poucos centos de metros do que estamos a describir se atopa no río Furelos unha praia fluvial utilizada por miles de persoas durante todo o verán. E resulta que, ano a ano, os posibles bañistas están avisados, non se recomenda o baño pois a calidade das augas é insuficiente (as análises deste ano 2019 tamén son negativas). Tanto é así que, para compensar, o Goberno municipal mantivo o pasado verán a gratuidade no acceso ás piscinas que dan servizo na área recreativa de Furelos. E esta situación vese incrementada polo feito de que o parque empresarial verte sen control ao río.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Realiza o Goberno controis periódicos da calidade das augas no río Furelos (Melide), á altura da praia fluvial?

Pazo do Parlamento, 02 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Teresa Porritt Lueiro  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López





Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 02/01/2020 12:25:00**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 02/01/2020 12:25:14**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/01/2020 12:25:22**

**María Luisa Pierres López na data 02/01/2020 12:25:33**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia, polo seu emprazamento xeográfico e as súas particularidades físicas, conta con numerosas pontes, mais non todas esas pontes teñen a mesma entidade física nin tampouco a mesma significación histórica. En realidade, sendo poucas as que reúnen estas dúas premisas, unha das máis relevantes é a que supera o río Verdugo e que une as parroquias de Arcade (Concello de Soutomaior) e Pontesampaio (Concello de Pontevedra).

Construída cun aparello de sillería granítica, na súa configuración actual son evidentes intervencións de momentos diferentes, as máis antigas visibles a día de hoxe, dado o tipo de arcos apuntados conservados na súa estrutura, de tempos baixomedievais. Esta intervención, sen dúbida, fíxose sobre ou a partires de fundamentos anteriores, romanos con toda probabilidade, pois o certo é que os miliarios localizados non moi lonxe do monumento invitan a pensar que a súa orixe se data xustamente nesa época. No río, por outro lado, encontrábase o límite, en tempos romanos, entre o Conventus Bracarensis e o Conventus Lucensis e marca -aínda hoxe e dende a Idade Media- a separación entre as dióceses de Tui e Santiago de Compostela, separación que, con toda probabilidade, marcaban as dúas construcións de pedra que hai tempo desapareceron do medio da ponte.

Esta ponte é coñecida, sobre todo, pola batalla dos días 7 e 8 de xuño de 1809, facendo dela un referente imprescindible da nosa cultura, espazo histórico de reivindicación e liberdade. En efecto, as forzas da chamada División do Miño, dirixidas por Morillo, apostáronse na ponte o día 7 de xuño de 1809, co cometido de evitar a reconquista de Pontevedra, Marín e Tui polo exército francés dirixido polo mariscal Ney, quen contaba con preto dos 10000 efectivos. A milicia galega derrubou dous arcos da ponte e rexeitou o ataque francés. O trunfo foi fundamental para a do exército francés do noso país.

Ademais, pola ponte pasan cada ano milleiros de peregrinos que fan o camiño portugués a Santiago de Compostela.



O estado actual da ponte caracterízase polo seguinte: das rochas agroma vexetación case todos os meses do ano, moitas pedras están movidas e desencaixadas, o pavimento da estrada autonómica que por ela circula está levantado e rachado en moitos dos seus tramos como consecuencia do tráfico que a diario segue a circular por riba e a iluminación roza o ridículo. Ao anterior hai que sumar os desperfectos no seu pretil que case cada ano sofre (en 2013, 2014, 2018, por exemplo), o último o pasado 16 de agosto, cando un condutor descoidado levou por diante varias pedras co seu vehículo. O propio Goberno respondía en marzo de 2016 que, segundo inspección básica da Axencia Galega de Infraestruturas, o estado de conservación da ponte é “acceptable”.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno galego que a significación da ponte medieval de Pontesampaio é acorde con que o estado de conservación da ponte fose só “acceptable” hai anos?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2020 12:00:07**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 03/01/2020 12:00:17**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/01/2020 12:00:27**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral en Pleno**.

Entre os Concellos de Samos e Triacastela (Lugo) está proxectado o “Parque eólico Oribio” (expediente 071-EOL), promovido pola entidade “Fergo Galicia Vento, SL”. A declaración de impacto ambiental é de agosto de 2005 e a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica de marzo deste ano 2019.

Este proxecto de parque eólico atópase na Serra do Oribio, territorio Rede Natura 2000, pois está radicado no LIC Ancares-O Courel, e constitúe unha das paisaxes que se poden observar dende o Camiño de Santiago francés -de feito, para minimizar o impacto visual, a propia declaración de impacto ambiental establecía que os oito aeroxeradores fosen pintados con motivos do Camiño-. Incluso recentemente, a Xunta de Galicia ten solicitado á UNESCO que o declare Reserva da Biosfera. É posible a radicación de parques eólicos en espazos de Rede Natura? É posible en virtude da Disposición Transitoria 4ª da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o Aproveitamento Eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, e que permitiu parques eólicos admitidos a trámite antes da entrada en vigor da lei de 2009. Este Grupo Parlamentario pedira a súa derogación con motivo da tramitación do proxecto de lei do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, mais non foi aceptada nin polo grupo maioritario da Cámara nin polo Goberno galego.

Así as cousas, nestes últimos días tivemos coñecemento de dúas cuestións relevantes e que, descoñecemos, se o Goberno da Xunta de Galicia ten avaliado:

1. O posible regreso hai xa un par de anos do oso pardo á zona dende o cantábrico, confirmado por varias organizacións ecoloxistas que teñen atopado pegadas e excrementos. E construír un parque eólico sen avaliar se pode dificultar o seu retorno podería influír na recuperación de toda a poboación de osos pardos.
2. A posible afectación polas obras xa executadas de elementos patrimoniais e culturais como a mámoa do Fial e o Camiño Real, que usaban os arrieiros para acceder á meseta dende Galicia.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que o proxecto “Parque eólico Oribio” (expediente 071-EOL), promovido pola entidade “Fergo Galicia Vento, SL”, e que afecta á Serra do Oribio, entre os Concellos de Samos e Triacastela (Lugo) é conforme á normativa vixente?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2020 12:09:48**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/01/2020 12:09:58**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 03/01/2020 12:10:06**

**María Luisa Pierres López na data 03/01/2020 12:10:17**





## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En xullo de 2016, o Concello de Ponte Caldelas presentaba por rexistro un borrador de regulamento urbanístico para a ordenación dos terreos comprendidos na Central de Transportes, no polígono industrial da Reigosa e sen ese regulamento o Concello está imposibilitado para conceder licenzas de construción. O borrador foi froito do traballo conxunto dos técnicos do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e do propio Concello. Resulta que o polígono da Reigosa conta cun plan sectorial de incidencia supramunicipal en vigor, polo que a súa ordenación é competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

O 12 de setembro pasado, o IGVS emitía nota de prensa na que informaba do desbloqueo da situación mediante a tramitación do procedemento para a aprobar o regulamento e para a modificación do proxecto sectorial. Así, a modificación incidirá na parcelación e usos das parcelas ou en cuestións como a alineación das naves a construír ou a mellora dos servizos e dotacións.

Tiveron que pasar tres anos e dous meses para o comezo da tramitación sinxela dun regulamento xa acordado e pactado polos técnicos e, nese tempo, “Xestur Pontevedra” só foi quen de vender unha das parcelas; o resto, ao ser subparceladas por falta de demanda, quedaron sen vender. E media ducia de empresarios desistiron de instalarse na Reigosa a causa da inseguridade xurídica derivada da inexistencia dunha ordenación urbanística acaída.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales foron as causas que explican que o IGVS teña tardado 3 anos e 2 meses en iniciar a aprobación o regulamento urbanístico para a ordenación dos terreos comprendidos na Central de Transportes, en Ponte Caldelas, que xa fora pactado entre os técnicos?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 02/01/2020 13:24:52**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/01/2020 13:25:02**

**María Luisa Pierres López na data 02/01/2020 13:25:12**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas. Así, as rías de Pontevedra, Arousa, O Burgo ou Noia.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (polo tanto, a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas, porque falla un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Lamentablemente non era a primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Logo chegou a sanción millonaria do Tribunal de Xustiza da UE (globalmente, unha multa coercitiva de 10,9 millóns de euros por cada semestre de atraso e unha sanción de 12 millóns por incumprir a normativa comunitaria de saneamento) pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira, que erosiona a credibilidade do país, resta recursos que se poderían dedicar á mellora da calidade da auga e ameaza o acceso a posibles fontes europeas de financiamento. A ninguén se lle escapa que este desastre algo ten que ver coa herdanza que deixou o Goberno de Rajoy e coa nefasta xestión do Goberno galego en materia de depuración de augas residuais. E a cuestión está en que o Estado vai repercutir sobre as comunidades autónomas responsables do incumprimento as dúas sancións.

E non remata aí o tema, España enfróntase na UE a outros procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu, para os que o Goberno do Estado vai elaborar o Plan Nacional de Depuración, Saneamento, Eficiencia, Aforro e Reutilización, cun investimento estimado de preto 10.000 millóns de euros nos vindeiros 18 anos (2/3 desas actuacións corresponderanlles ás comunidades autónomas e 1/3 ao Estado e aos concellos).



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai implantar o Goberno galego un plan de rexeneración de todas as rías galegas para esta lexislatura 2016-2020?

Pazo do Parlamento, 02 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 02/01/2020 13:29:01**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/01/2020 13:29:11**

**María Luisa Pierres López na data 02/01/2020 13:29:22**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Nestes días coñecemos un artigo de Eduardo Costas, Catedrático da Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid, quen, dende o ano 2011, estuda as augas do encoro de As Conchas, en Ourense. No dito artigo, explica que contaminar é máis barato que non facelo (posto que así os produtos non se gravan cos custos de impedir a contaminación) e que, especificamente, o aforro dos custos das actividades que producen contaminación difusa das augas continentais resulta especialmente tentador.

Un dos principais problemas de contaminación das augas continentais é a eutrofización ou aumento na cantidade de nitróxeno e fósforo da auga. Ocorre que nas augas máis eutrofizadas, só unha especie de cianobacteria aporta a maior parte da biomasa: son os “blooms” ou floracións masivas de cianobacterias malas, de tal densidade que a luz non penetra máis que uns poucos centímetros e só hai osíxeno na superficie; por baixo, todo morre. Moitas veces, as especies de cianobacterias que medran nestas augas eutrofizadas producen potentes toxinas, como as microcistinas, que poden provocar danos hepáticos agudos. As microcistinas chegan aos seres humanos de varias formas moi sinxelas: por beber auga, por se bañar, por comer peixe da zona ou ata por respirar, pois cando o vento sopra sobre o encoro, prodúcese un micro-esprai cargado de microcistinas.

Iso é o que leva ocorrendo no encoro das Conchas, no río Limia en Ourense. Contén unha das masas de auga máis eutrofizadas de España. Dende o ano 2011, comezouse a estudar a zona do encoro, concluindo o estudo do profesor Eduardo Costas (e con el coincide a Sociedade Galega de Historia Natural) que a eutrofización das augas do río na zona do encoro se debe, maioritariamente, a vertidos e arrastres por auga de escorrentía de puríns gandeiros e de graxas avícolas e, en menor medida, de mala depuración de residuos urbanos.

Dende hai case unha década non só se está a producir un problema de contaminación masiva ao medio ambiente, senón que, nas zonas onde abundan as microcistinas, a incidencia de cancro de fígado e dixestivos é significativamente maior. Chegou xa o momento de facer compatible a actividade económica (neste



caso gandeira) coa protección ambiental e, sobre todo, coa da saúde das persoas. O Goberno galego leva mirando cara a outro lado dende hai anos e o Goberno de Mariano Rajoy fixo o mesmo. Agora, o Ministerio de Transición Ecolóxica ten posto a exposición pública o documento de declaración como augas afectadas as do encoro das Conchas e xa houbo alegacións. A protección do medio e a saúde das persoas da comarca está en xogo e necesitamos orzamento autonómico para rematar con esta contaminación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten feito o Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2011 para rematar co problema de existencia de cianobacterias nas augas eutrofizadas do encoro de As Conchas, no río Limia en Ourense, que están a provocar microcistinas?

Pazo do Parlamento, 02 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 02/01/2020 13:35:35**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/01/2020 13:35:45**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/01/2020 13:35:54**

**María Luisa Pierres López na data 02/01/2020 13:36:03**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que a Xunta de Galiza leva realizado desde 2009, e que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A política sanitaria de Núñez Feixóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública e ten un fin moi claro: converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.

Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento do sistema sanitario público a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos 10 anos, o PP, con Núñez Feixóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron neste desmantelamento: redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados...





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta do ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do PP, e en que non estamos na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.

2. Poio é un exemplo claro desta situación.

-As listas de agarda nos centros de saúde Raxó, Combarro e Anafáns estanse incrementando como consecuencia da decisión da Xunta de Galiza de non substituír ao persoal sanitario cando está de baixa ou de permiso. Hai esperas de máis de doce días para unha consulta co médico de familia e para as analíticas. Moitas persoas que precisan dun seguimento personalizado agora non poden ser atendidas, ocasionando trastornos no seu tratamento, e en moitos casos vense obrigadas a acudir a Urxencias, co conseguinte colapso deste servizo. O persoal sanitario está a soportar unha sobrecarga







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de traballo, chegando mesmo a prolongar a súa xornada laboral, ao ter que atender o cupo de compañeiros e compañeiras.

- Poio leva xa demasiado tempo esperando por un novo Centro de Saúde dotado de medios materiais e humanos como correspondería para unha poboación de máis de 17.000 habitantes que no período de verán duplícase.

A solución pasa pola construción dun novo centro de saúde que substitúa o actual de Anafáns, que está claramente infradotado para atender as necesidades do concello. A posición unánime da corporación é que se constrúa un Punto de Atención Continuada ( PAC) e que se manteñan os consultorios médicos actuais de Combarro e Raxó. O Concello de Poio ofreceu tres terreos para a construción do novo centro de Saúde, e comprometeuse a pór en disposición o terreo de maneira inmediata unha vez que a Xunta dea o visto bo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza impulsar no ano 2020 a construción dun novo centro de saúde en Poio que substitúa o actual de Anafáns e para tal fin aceptar algunha das tres parcelas ofrecidas polo concello de Poio?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2020 12:34:26**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2020 12:34:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2020 12:34:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2020 12:34:47**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2020 12:34:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2020 12:35:03**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao desmantelamento do Hospital Comarcal de Verín por parte da Xunta de Galiza e ás súas necesidades de rectificación respecto da decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de sala de partos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mes e medio despois, a decisión comunicada o pasado 22 de novembro de 2019 de que a partir do 1 de decembro non se prestarían os servizos de paritorio nin tampouco habería gardas de pediatría hospitalaria segue en estar rectificadas.

Cómpre recordar que esta decisión chegaba despois dunha longa lista de agravios con este Hospital, e ás portas dunha mobilización anunciada para o 30 de novembro despois dos acontecementos respecto da área de dermatoloxía e as sospeitas da situación futura da cociña. Esta mobilización foi histórica polo seu número de participantes, cifrado en 20.000 persoas por Protección Civil, e polo seu amplo respaldo por diferentes sensibilidades sociais e políticas. Foi continuada cun peche no Hospital que continúa no momento de asinar esta iniciativa e que levou mesmo a que a sociedade de Verín celebrara o aninovo manifestándose.

A nefasta política sanitaria da Xunta de Galiza e a súa folla de ruta intensificada a partir da aprobación da reforma da lei de saúde do noso país están a levar a unha





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

situación límite hospitais coma o comarcal de Verín con criterios manipulados para presentárense como técnicos cando o que ocultan é unha folla de ruta neoliberal que aposta no desmantelamento dos servizos públicos.

Esta situación non se sostén e cada minuto que o goberno galego demora en rectificar, pónense en perigo as vidas de moitas nais e crianzas, como demostran as situacións vividas neste tempo. Por exemplo, o pasado día 12 de decembro produciuse un parto de urxencia. A velocidade de dilatación era tal que o persoal sanitario de Verín decidiu atender o nacemento no hospital comarcal e evitar os riscos dun traslado. Posteriormente sucedéronse graves feitos que precisaron a concorrencia do aparello xudicial e que remataron coa crianza sendo despoxada da súa nai e trasladada de forma separada até Ourense, con horas de diferenza, incumprindo os protocolos na materia e tendo posteriormente ademais un deficiente trato á nai unha vez chegada ao CHUO. Estes feitos constitúen un exemplo de violencia contra as mulleres e deben ser investigados para depurar responsabilidades e para que non volvan repetirse. Porén, o pasado 3 de xaneiro naceu de madrugada unha nova crianza e esta situación estivo a piques de repetirse.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexeitamos as desculpas técnicas ofrecidas polo SERGAS, que só busca aproveitar as dificultades da falta de especialistas en pediatría, unhas dificultades nas que principalmente podemos destacar a mala previsión da Xunta de Galiza, que ignora a previsión de xubilación dos facultativos, e as deficientes condicións que ofrecen ás e aos profesionais que acaban marchando a outras partes de Galiza ou do Estado. Máis aínda, é ridículo que se venda como máis seguro que as mulleres que rompen augas viaxen como mínimo unha hora até Ourense.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai rectificar a Xunta de Galiza a súa decisión de suprimir o servizo de paritorio e desmantelar as urxencias pediátricas do Hospital de Verín?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2020 13:05:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2020 13:06:05**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2020 13:06:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2020 13:06:19**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2020 13:06:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2020 13:06:34**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A recentemente aprobada Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia evitou entrar no debate específico dos baremos de concesión de oficinas de farmacia, a pesares das posicións amosadas por diversos grupos políticos e colectivos relacionados, que suxerían a oportunidade de afrontar tamén a revisión dese baremos para adecualo ás realidades e á actualidade.

O baremo existente para a concesión de oficinas de farmacia está sendo discutido, tamén a partir da última resolución do concurso público que se rexeu por el, por diversas cuestións. Entre elas, existen algunhas reclamacións referidas á valoración das cuestións sobre análises clínicas, área de especialidade de varios profesionais do eido farmacéutico que vén prexudicada a súa formación e experiencia.

A citada Lei 3/2019 inclúe as funcións das oficinas de farmacia, e entre elas a 12.i indica “*Realizar análises clínicas e outras funcións profesionais ou sanitarias que, por estaren recollidas en normas específicas e conforme ao disposto nelas, poidan ser desenvolvidas polo/a farmacéutico/a de acordo coa súa titulación e especialidade.*”

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia non ten modificado o baremo para concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia no referido ás análises clínicas?

Pazo do Parlamento, 03 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/01/2020 13:37:36  
**Nº Rexistro: 60828**  
Data envío: 03/01/2020 13:37:36.699

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/01/2020 12:55:23**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/01/2020 12:55:33**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A situación laboral do sistema sanitario de Galicia evidencia problemas de gravidade na actualidade, froito das políticas de Recursos Humanos desenvolvidas polas Xunta de Galicia e o Goberno de España nos últimos anos. Como consecuencia dunha liña estratéxica de recortes o escenario actual atópase cun déficit numérico de profesionais que, sumado á eventualidade e precariedade en que os profesionais sanitarios se atopan en moitos casos, dificulta a calidade asistencial que se ofrece á cidadanía porque impide que os profesionais poidan desenvolver o seu traballo en condicións óptimas.

Dentro das distintas ferramentas de planificación da política de Recursos Humanos do Sergas, unha moi relevante está no proceso formativo e, en nomeadamente, no proceso das especialidades Médico Interno Residente (MIR), Enfermeiro Interno Residente (EIR), Psicólogo Interno Residente (PIR), Farmacéutico Interno Residente (FIR)...

Neste senso, o Goberno da Xunta de Galicia ten sido pouco esixente co Goberno de España no prazo 2012-2018, aproveitando o cambio de Goberno de España para acelerar demandas e reivindicacións que non foran feitas con anterioridade.

A realidade indica que o número de prazas ofertadas en Galicia para as diversas especialidades en ciencias da saúde, aparte das específicas de medicina familiar e comunitaria, non variou dende 2012 (230) a 2018 (231), a pesares de incrementarse o número de prazas acreditadas. Estas acreditacións tamén son obxecto de discusión, pois o eido da atención primaria, condicionada polo número de facultativos/as de medicina familiar e comunitaria, ofrece datos sorprendentes como a redución de número de acreditacións en Galicia dende 2012 (117) a 2018 (110). Non sendo suficiente, e a pesares do coñecido e notorio problema da recorrente falta de profesionais facultativos de Atención Primaria no sistema galego, non foron convocadas neste tempo todas as prazas acreditadas, o que supuxo unha merma na capacidade de producir especialistas que contribúan a afrontar a situación do sistema a pesares de que practicamente todos os anos as vacantes desta especialidade foi cero. As prazas de pediatría víronse afectadas



tamén esta parálise, pois a oferta de prazas non variou nos últimos anos das 20 vacantes ofrecidas.

Na convocatoria 2019 produciuse un aumento de en torno a un 5 por cento nas prazas MIR de toda España, véndose Galicia tamén afectada por ese aumento. Particularmente, para Galicia foron aumentadas as prazas para medicina familiar e comunitaria, sumando esforzos nas medidas para mellorar as posibilidades de reforzar o futuro dos cadros de persoal do sistema público. Esta nova convocatoria amosa o compromiso do actual Goberno de España, que evidencia un cambio nas políticas de recursos humanos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia non reivindicou un maior número de prazas MIR nas convocatorias 2012 a 2018 cando puido ante o Goberno de España?

Pazo do Parlamento, 03 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/01/2020 13:10:25**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/01/2020 13:10:36**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Otero Rodríguez**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Nunha recente sentenza, o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra vén de ratificar a sanción imposta pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia ao Porto de Vilagarcía por autorizar o vertido, agora ilegal, de residuos ao mar por volume de máis de 7000 metros cúbicos. Esta infracción, grave, resulta nun enorme problema de carácter medioambiental, xa que estamos a falar de “unha auténtica montaña formada por terra, pedras, asfalto, tubos de plástico, madeiras e formigón” como se cita na propia sentenza.

A sanción imposta vén a reforzar a idea de que a Autoridade Portuaria actuou de costas á legalidade, pois non existiu ningún trámite administrativo para saber se era posible, ademais de exercer un total abandono sobre o coidado da ría.

A actuación da Autoridade Portuaria é merecedora de sanción, segundo a Xunta de Galicia. Non en tanto, ademais da sanción económica, non temos noticias de que o Goberno, en concreto a través da Consellería de Medio Ambiente, teña previsto esixir responsabilidade á dirección do Porto de Vilagarcía ou aos seus propios representantes no Consello de Administración desta entidade.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da actuación da dirección do Porto de Vilagarcía respecto da autorización dun vertido ilegal de escombros e residuos ao mar polo que agora é condenado o Porto en sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 03 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/01/2020 13:38:28  
**Nº Rexistro: 60832**  
Data envío: 03/01/2020 13:38:28.043

**Julio Torrado Quintela na data 03/01/2020 13:21:58**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2020 13:22:10**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/01/2020 13:22:21**

**María Luisa Pierres López na data 03/01/2020 13:22:41**

**Patricia Otero Rodríguez na data 03/01/2020 13:22:52**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Parlamento de Galicia, en sesión da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, do 2 de xuño de 2009, aprobou por unanimidade unha proposición non de lei co seguinte apartado resolutivo:

*“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:*

- 1. Que os gastos derivados do mantemento, reposición e conservación do aparataxe implantado sexan sufragados pola Consellería de Sanidade.*
- 2. Facilitar a rehabilitación do paciente implantado con cargos aos presupostos do SERGAS así como os desprazamentos necesarios”.*

Dez anos despois, as persoas afectadas continúan a vivir na mesma situación que entón no acarreamento dos gastos do implante, evitando o Sergas asumir os gastos aos que foi instado polo Parlamento de Galicia na citada comisión.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que non se ten asumido por parte da Xunta de Galicia do aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia sobre os implantes cocleares?

Pazo do Parlamento, 03 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/01/2020 13:30:03**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2020 13:30:13**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/01/2020 13:38:50  
**Nº Rexistro: 60834**  
Data envío: 03/01/2020 13:38:50.527

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/01/2020 13:30:22**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A atención sanitaria en O Salnés vén sendo especialmente abandonada pola actual Consellería de Sanidade, que ven prexudicando especialmente a esta comarca, sen coberturas de profesionais e con parálise na necesidade de construción de novos centros de saúde necesarios. Estes erros repercuten de maneira global en todos os concellos, pois a atención abandonada nun deles repercute na saturación dos centros de saúde máis próximos, e especialmente nos PAC.

Esta política de desatención nótase de feito especial no concello de Meis. A atención sanitaria de Meis ofrécese en puntos dispersos no territorio do concello, que distribúen o servizo e a asistencia de maneira repartida. Durante este verán os veciños e veciñas veñen sufrindo a política de recortes aplicada polo Goberno de Núñez Feijoo, pola que non se substituíron os e as profesionais de vacacións e perdeuse o servizo de pediatría.

O Concello de Meis, comprobando a ineficiencia da Consellería de Sanidade, vén de iniciar unha recollida de sinaturas contra o abandono e desleixo que se notou este verán, e demandando a cobertura axeitada á maior brevidade. Esta acción vén acompañada dunha convocatoria de mobilización cidadá, como xa ten ocorrido noutros puntos da comarca en recentes datas como O Grove, Ribadumia ou A Illa, por motivos semellantes.

A pesares das queixas, o Goberno de Núñez Feijoo continúa coa súa política de recortes e de non explicacións aos concellos e persoas afectadas, polo que a situación parece enquistarse complicando a situación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria aos veciños e veciñas de Meis foi satisfactoria durante os meses de verán?

Pazo do Parlamento, 03 de xaneiro de 2020





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/01/2020 13:39:13  
**Nº Rexistro: 60836**  
Data envío: 03/01/2020 13:39:13.324

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/01/2020 13:36:44**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/01/2020 13:36:54**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

En 2009, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) concede ao proxecto hoteleiro unha axuda a fondo perdido de 887.619 €, na liña de “grandes investimentos”, para unha inversión inicial fixada en 5.221.294 €. Ese mesmo ano, o Ministerio de Facenda concedeu tamén para o proxecto unha subvención directa de 418.083 €. A data de vixencia de ambas axudas foi o 1 de xuño de 2011 e o 30 de setembro de 2011, respectivamente.

O mesmo IGAPE, en novembro de 2009, concedeu a este proxecto un préstamo, a baixo interese, do Banco Europeo de Inversións, por importe de 2,5 millóns de euros. Segundo comunicou a Consellería de Industria, “en data do catro de xuño de 2010, a empresa promotora deste investimento xa puido dispoñer da totalidade do préstamo directo concedido polo IGAPE, por importe de 2,5 millóns de euros.”

O Concello de Sober investiu en accesos ao entorno –a través de subvencións da Consellería de Presidencia– e no saneamento –a través dun plan de obras da Deputación Provincial de Lugo–.

Para a aceptación das axudas, a empresa comprometíase a:

- manter 34 empregos de media durante 2 anos.
- permanecer en activo durante 5 anos, sen especificar o número de empregos (este compromiso refírese ao crédito).

O 6 de outubro de 2010 inaugurouse o hotel “Palacio de Sober”, con presenza do Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

A Consellería de Cultura na altura sinalara que a colaboración deste proxecto con dita consellería podería “concretarse con posterioridade á apertura coa colaboración na organización de convocatorias culturais” así como “na promoción do turismo de calidade”.

En febreiro de 2013, só catro meses despois de que rematara o prazo no que a empresa se comprometía a ter funcionando o proxecto con, canto menos, unha media de 34 empregos, a empresa presentou un Expediente de Regulación de



Emprego para máis do 80% da plantilla, pactándose un ERTE que prevía abrir en setembro. Previamente, rexeitáronse ofrecer servizos e estancias en dito hotel, de xeito incomprendible. Dende o inicio, o proxecto empresarial amosouse inestable e con mala xestión, con acumulación de impagos de nóminas, rexeitamento de eventos e atrasos nos pagos ás empresas da zona que subministraron material e servizos ao hotel, acumulando atrasos de case un millóns de euros.

Ata 2015 o hotel estivo formalmente “activo”, pero sen funcionar como hotel, pois só contaba con tres empregados para o mantemento mínimo.

O Hotel Pazo de Sober foi a gran aposta do Plan Impulsa Lugo.

O Director Xeral do IGAPE tiña manifestado que confiaba en que non se chegase á liquidación e que se mantena a actividade empresarial no edificio. O propio Director Xeral do IGAPE recoñecía a CCOO e UGT da comarca do sur de Lugo que fora un “erro” conceder tal volume de préstamo a un proxecto presentado por unha empresa sen experiencia na xestión hoteleira, e non ter esixido un socio do sector.

En febreiro de 2015, a empresa propietaria do pazo solicitou entrar en concurso de acredores e nun proceso de liquidación, que non foi adiante.

Do 21 de abril ao 14 de maio de 2018 estivo aberta, por parte do xulgado do Mercantil n.º 12 de Madrid, a poxa pública polo Pazo de Sober, en 3 lotes (edificio, mobiliario e fincas), valorados en conxunto en 5.158.189,13 €.

O edificio foi valorado en 4.706.421,13 €, tendo unha hipoteca a favor do IGAPE por importe de 3.312.000 € (préstamo concedido máis intereses).

Rematada a poxa, unha empresa ofrece 2,4 millóns de euros polo edificio, o 51% do valor, sendo a única oferta.

Sobre a axuda a fondo perdido concedida polo IGAPE (887.619 €), este abre expediente en febreiro de 2015 (publicado no DOG o 18 de febreiro de 2015) para determinar se a empresa incumpriu os compromisos de dita axuda.



Finalmente, o conxunto foi adxudicado a Nubian Properties, do grupo HOTUSA, o 11 de setembro de 2018, que xestiona na actualidade o Pazo como hotel.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia para a súa resposta oral en Pleno:

- Que elementos de viabilidade técnica e financeira do proxecto do Hotel Pazo de Sober avaliou o IGAPE para concederlle axudas?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 07/01/2020 11:36:04**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral en pleno**, sobre a situación na que se atopa a Comisión de seguimento da praga da couza guatemalteca.

O 2 de marzo de 2017 apróbase por unanimidade o acordo da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes para a creación dunha Comisión técnica de seguimento da couza da pataca en relación ás medidas de control da praga, das accións informativas que se leven a cabo, así como da evolución do Decreto que prepara o Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente. O acordo inclúe que en dita comisión de seguimento estean representadas a Xunta de Galicia, a FEGAMP, o Laboratorio Fitopatolóxico de Galicia e a IXP Pataca de Galicia e cuxo cometido é fundamental.

A praga da pataca ocasionada pola couza guatemalteca (*Tecia Solanivora*) leva xa varios anos afectando dunha forma moi severa a diversas zonas de Galicia. En novembro do 2015, ano no que se detecta por vez primeira no noso país, Medio Rural recoñecía a presenza desta praga nos concellos de Ferrol, Narón e Neda. No ano 2019 xa son 60 os concellos afectados, coa produción de pataca suspendida, do que se derivan milleiros de leiras sen colleita. Un crecemento que pon de manifesto a falta de efectividade das medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia a este respecto.

Mais, pola contra, a Xunta de Galicia decidiu recortar o xa escaso orzamento que se destinaba ás axudas para cubrir os danos derivados desta praga. Orzamentos



que se reducen nun 25% a pesar de ser cada vez maior a superficie afectada. A Consellería de Medio Rural preveu unha partida de tan só 75000 euros, feito que supón unha auténtica irresponsabilidade e que vai causar a continua extensión desta praga, tal e como levan denunciando dende diversas organización agrarias. De feito a couza da pataca xa chegou á comarca de Bergantiños, unha das principais produtoras de Galicia. Onde a Xunta xa detectou a praga en almacéns de autoconsumo das parroquias de Lendo e Caión na Laracha e a de Noicela en Carballo.

A pesar de todo exposto e que a misión encomendada a dita comisión de seguimento era que:

*“A Comisión Técnica informe por escrito á Comisión 7.ª do Parlamento de Galicia e ás organización agrarias da súa actividade, de maneira especial:*

*- Sobre as medidas de control que se vaian adoptando*

*-Sobre os medios materiais e humanos dos que se dispoña para a loita contra a couza guatemalteca”.*

A falta de transparencia e a falta de información seguen a ser a norma na xestión da Xunta de Galicia ao respecto das políticas relacionadas cunha problemática da importancia que ten a praga da pataca para Galicia.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte pregunta:

- Cales son as razóns polas que a Xunta de Galicia non convoca esta comisión de seguimento?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/01/2020 11:39:24  
Nº Rexistro: 60919  
Data envío: 07/01/2020 11:39:24.246

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 07/01/2020 10:46:27**

**Marcos Cal Ogando na data 07/01/2020 10:46:37**

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



---

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

## Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os últimos datos oficiais da enquisa sobre a Estrutura das Explotacións Agrícolas (EEA) do Instituto Nacional de Estatística (INE), publicados en decembro de 2017, debuxaban unha realidade na que as políticas de mobilidade de terras en Galiza non funcionan.

As hectáreas que ocupaban estas explotacións galegas en 2013 eran 918.000 e descenderon ata 863.677 en 3 anos.

Así, a superficie agrícola útil baixou nunhas 34.000 hectáreas, de 655.519 a 621.643, un 5,2% de retroceso. Esa caída de superficie agrícola utilizada é moito maior en Galicia que o descenso do 0,3% da media estatal. Neste sentido, Galicia conta co terceiro tamaño medio máis pequeno por explotación (8,35 hectáreas), pois só é inferior en Canarias (4,17) e Comunitat Valenciana (5,53). De feito, a superficie agrícola pasou en España de 24,67 hectáreas de media en 2013 a 25,06 en 2016.

Por iso, a pesar de que en Galiza o descenso do número de explotacións tamén é maior que na media estatal, as explotacións que sobreviven non absorben a base territorial abandonada polo cese doutras explotacións.



De feito Galicia perdeu un total de 3.383 explotacións entre 2013 e 2016, ao pasar de 78.377 a 74.994, unha baixada do 4,3% neste período, o que supón máis do dobre de caída que a media estatal (-2,1%), e redúcese o tamaño medio das explotacións.

O fracaso das políticas de ordenación do territorio e de mobilidade de terras supón unha eiva enorme para Galiza a nivel económico e ambiental. A nivel económico porque se perde un recurso moi valioso e a posibilidade de que as explotacións conten con máis terra e reduzan a súa dependencia dos insumos. A nivel ambiental porque o aproveitamento dos terreos con aptitudes agronómicas para a produción de alimentos sería fundamental para a loita contra os lumes e para diminuír a emisión de gases de efecto invernadoiro causados por un modelo insostible de desprazamentos quilométricos dos alimentos.

Sendo así isto, o fracaso das políticas da Xunta de Galicia nos últimos 30 anos é máis grave. E non serve a escusa da crise económica para xustificar tanta inoperancia, xa que hai medidas fundamentais que non teñen un custe significativo nos orzamentos do Goberno galego, e que non se implementaron.

Un exemplo claro é o de que a día de hoxe Galiza non conta cun Mapa de Solos de Galiza con aptitude agronómica, elemento indispensable para que as determinacións dos PXOMs garantan a súa conservación, e para que en función da súa aptitude se destinen a usos agrarios e non a reforestación ou urbanización.

A anémica aposta polo Banco de Terras e os escasos recursos dedicados ao seu funcionamento é outro dos moitos factores que explican a realidade actual.



O anuncio dunha lei de mobilidade de terras de Galicia é o recoñecemento deste fracaso 4 anos despois da aprobación da Lei de Mellora de Estruturas Agrarias METAGA.

Esta lei foi anunciada como solución para que ningunha terra agraria estivese abandonada como declarou o mesmo Presidente da Xunta de Galicia.

Demóstrase unha vez máis que a publicación no DOG dunha lei non soluciona por si mesma un problema, senón a vontade política e a dotación de esforzos e recursos para tal fin.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que factores explican o fracaso das políticas de mobilidade de terras do Goberno galego?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/01/2020 11:40:25  
Nº Rexistro: 60921  
Data envío: 07/01/2020 11:40:25.966

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 07/01/2020 11:27:02**

**Marcos Cal Ogando na data 07/01/2020 11:27:11**

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Competencia (CNMC) confirmou, no mes de xullo do presente ano, a multa de 80'6 millóns de euros imposta a dúas asociacións e oito empresas do sector lácteo. Reabrindo así, o expediente que en 2015 sancionou a 11 empresas do sector lácteo, e que a Audiencia Nacional anulara por defectos de forma nun recurso presentado pola multinacional Nestlé.

A multa da CNMC sanciona prácticas que atentan contra os intereses dos gandeiros, como intercambiar información sobre os prezos de compra de leite cru de vaca e excedentes de leite. Todo co obxectivo de adoptar unha estratexia conxunta para controlar o mercado de aprovisionamento de leite. Chegando tamén a acordos concretos para coordinar os prezos de compra do leite e para cesión de gandeiros entre industriais.

Esta información permitiu ás empresas axustar o seu comportamento e evitar ofertar mellores prezos e condicións comerciais aos gandeiros, limitando así a competencia no mercado.

As prácticas que sanciona a CNMC implica a empresas a nivel estatal e autonómico, pero ten unha enorme incidencia en Galicia, onde radican o 60% de produtores de todo o Estado.

Competencia demostra que as industrias pagaron un prezo menor do que lle correspondía aos gandeiros, entono a 3 céntimos por litro, durante o período



2000-2013. A este respecto as gandeiras galegas poderán reclamar as correspondentes indemnizacións.

Estas prácticas abusivas afectan a un sector estratéxico para o noso país e pon en risco a pervivencia de moitas granxas. Un sector maltratado e que ano tras ano, sitúase no furgón de cola en canto ao prezo do leite, sendo o primeiro produtor do Estado.

Faise necesario actuar con dilixencia para informar e poñer todos os recursos necesarios para que as 7282 explotacións que perviven no país (400 menos que ao inicio de ano), poidan cobrar as compensacións que lles corresponden, así como as máis de 23000 granxas que pecharon dende o ano 2000 e que teñen dereito a cobrar as compensacións.

Polo exposto, preséntase a seguinte Pregunta:

- Que pensa facer a Xunta de Galicia para facilitar que as explotacións gandeiras galegas poidan cobrar as indemnizacións que lle corresponden?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 07/01/2020 11:02:27**





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Marcos Cal Ogando na data 07/01/2020 11:02:39**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os impagos que afectan ultimamente a gandeiros galegos do sector lácteo volta a por no debate a actividade dos primeiros compradores.

A actividade que realizan os primeiros compradores en Galiza, que aglutina o 25% da produción láctea do país, non está exenta de conflitos.

A existencia de operadores intermediarios que actúan entre os gandeiros e as industrias transformadoras de lácteos, comprándolle o leite aos primeiros e vendéndollo ás segundas, dáse ás veces sen as garantías suficientes para os produtores, que corren o risco de sufrir impagos, algo que vén intensificándose nos últimos tempos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas ten pensado tomar a Xunta de Galicia ante esta situación?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/01/2020 11:43:46  
Nº Rexistro: 60926  
Data envío: 07/01/2020 11:43:46.264

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 07/01/2020 11:20:09**

**Marcos Cal Ogando na data 07/01/2020 11:20:21**

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O INE vén de publicar a estatística sobre bibliotecas que realiza cada dous anos, e os datos non son nada positivos para Galicia.

En efecto, Galicia é a comunidade autónoma onde máis bibliotecas pecharon, Dende 2008 desapareceron 74 bibliotecas e 76 puntos de servizo, por diante de Aragón, Castela-A Mancha, Baleares, Canarias, Murcia, Comunidade Valenciana, Asturias ou Extremadura. En cambio, Andalucía, Cataluña, Madrid, Cantabria, A Rioxa e Castela-León incrementaron dende o 2008 o seu número de bibliotecas.

O descenso en número de bibliotecas é máis acusado nas zonas rurais e a pesar de que a Lei A Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local obriga a que todos os concellos con máis de 5.000 dispoñan de biblioteca pública, moitas localidades do rural carecen de servizos municipais, fundamentalmente en Lugo e Ourense e en moitas mais os horarios son moi reducidos tendo un servizo moi deficiente en medios.

Descende tamén o número de persoas que compoñen os cadros de persoal das bibliotecas. Medidos en número de xornadas laborais completas, o número de traballadores e traballadoras descendeu en 56 persoas na última década, mentres se mantiña o número de bolseiros/as e persoas voluntarias non incluídas nos cadros de persoal. O pasado ano había nas bibliotecas galegas 404 empregos de bibliotecarias profesionais e 552 auxiliares de biblioteca, facendo funcionar as 476 bibliotecas e 619 puntos de servizo.

Tamén os gastos realizados nas bibliotecas galegas descenderon nesta década, tanto o destinado a adquisicións como a infraestrutura ou renovación da tecnoloxía, en cambio creceu o número de persoas inscritas nas bibliotecas de Galicia así como o número de préstamos.



Moitos dos problemas das bibliotecas públicas de Galicia foron analizados na *Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI*, elaborada polo Consello da Cultura Galega para a realización do Plan estratéxico da cultura, pero por desgracia este non incorporou solucións senón tan só obxectivos xerais sen ningunha concreción.

Polo exposto a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.ª) Como valora os últimos datos do INE sobre as bibliotecas en Galicia?

Pazo do Parlamento, 07 de xaneiro de 202

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/01/2020 11:32:57**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2020 11:33:10**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A finais de setembro deste mesmo ano o Pleno do Concello de Mos aprobou cos votos favorables do Partido Popular a modificación puntual do seu PXOM para facilitar o proxecto de cidade deportivo-comercial do Celta de Vigo, que supón a recalificación de 864.000 m<sup>2</sup> de terreo, a metade deles monte comunal e a maioría solo de especial protección forestal con instrumentos de ordenación aprobados.

Xa está en consulta pública por un prazo de 2 meses o documento ambiental estratéxico e o borrador do *Plan especial de infraestruturas e dotacións para instalacións deportivas do Real Club Celta de Vigo*.

Ademais das instalacións deportivas, prevense 142.000 m<sup>2</sup> de superficie comercial en planta, segundo indicado polos promotores “para garantir a viabilidade económica da área dotacional deportiva”.

Neste procedemento o Concello de Mos recorreu a unha figura urbanística que de aprobarse definitivamente implicará a expropiación dos terreos por parte da administración para a súa entrega ao Celta.

Este proxecto non se xustifica nin dende o punto de vista do interese xeral, nin dende a racionalidade, ou da sustentabilidade.

Só se xustifica dende o punto de vista de favorecer o negocio privado dende as institucións públicas.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/01/2020 11:44:58  
Nº Rexistro: 60931  
Data envío: 07/01/2020 11:44:58.764

O que se pretende é expropiar barato solo rústico, propiedade na súa maioría de comunidades de montes, e superficie forestal con instrumento de ordenación aprobados, para despois construír 142.000 m<sup>2</sup> de superficie comercial para que unha empresa privada faga un suculento negocio por riba da vontade da comunidade de montes de Tameiga e por riba da preservación dos valores ambientais do monte.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cal é a valoración que fai o Goberno galego de dito proxecto e da modificación puntual aprobada polo Pleno do Concello de Mos?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 07/01/2020 11:08:28**

**Marcos Cal Ogando na data 07/01/2020 11:08:36**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre as medidas para o control da sobrepoboación do xabaril no territorio galego.

Produciuse unha sobrepoboación da masa do xabaril no noso país que xera danos duns 15 millóns de euros anuais no sector agrícola, e que causa xa 2500 accidentes ao ano nos viarios galegos.

A pesar de que os danos causados polos xabarís están cifrados entorno a 15 millóns de euros anuais, as indemnizacións que achega a Xunta de Galicia son de 600.000 euros. Isto quere dicir que máis de 14 millóns están asumidos polo sector agrícola.

A Directora Xeral de Patrimonio Natural Belén do Campo, anunciou o plan de medidas de control do xabaril, que permite a caza sen límites de cupo de ambos sexos no período de caza que abranguerá ata o 29 de febreiro de 2020.

Esta medida abarca a 33 concellos, 76 tecores e 10 zonas libres, é dicir case un 42% da superficie de Galicia.

Esta medida faise acolléndose ao Decreto 284/2001, do 6 de novembro, polo que se aproba o regulamento de caza, no que se fixa a zona de Emerxencia Cinexética temporal.

Permitirase a caza durante todos os días da semana, salvo nas zonas libres nas que se especifican certas salvedades no relativo aos días permitidos: así no período que abrangue ata o 6 de xaneiro de 2020, poderán realizarse cazarías de



xabaril o luns, martes, mércores, venres e sábados, sempre que non sexan festivos; e desde o 7 de xaneiro ao 29 de febreiro de 2020, ambos incluídos, poderán efectuarse cacerías os luns, martes, mércores e venres, sempre que non sexan festivos.

Ante unha medida da excepcionalidade como a referida, con derivadas directas en situación de inseguridade débese ter o máximo escrúpulo por parte das administracións. O máximo escrúpulo en materia de control, tanto para garantir a seguridade da cidadanía, como para determinar a súa efectividade e os límites necesarios para dita situación de excepcionalidade.

Por outra banda, ante unha problemática destas dimensións, é preciso incidir nas causas para evitar situacións a futuro. Polo que se entende prioritario diagnosticar cales son as masas poboacionais do xabaril en Galicia e atender a unha axeitada xestión ambiental dos nosos montes. É necesario promover as capacidades de autoregulación dos ecosistemas a través dunha aposta decidida polo bosque autóctono, pois tal como recoñeceu a propia Directora Xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, as zonas de maleza son idóneas para unha cría e asentamento descontrolado de xabarís, pois atopan refuxio e, en ocasións, están preto de zonas de produción agrícola ou urbanas o que propicia a súa incursión na procura de alimento.

Por todo isto, o Grupo Común da Esquerda amosa a súa preocupación ante a problemática derivada da sobrepoboación das masas de xabaril, así como polas medidas tomadas pola Xunta de Galicia, polo que presenta a seguinte Pregunta:





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Antes de declarar a Emerxencia Cinexética estableceron algunha medida de control para diagnosticar a masa poboacional do xabaril antes e despois das medidas derivadas de dita declaración?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 07/01/2020 10:51:17**

**Marcos Cal Ogando na data 07/01/2020 10:51:28**



## Á Mesa do Parlamento

**Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Executivo galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, está a desenvolver un ambicioso Plan de Sendas en distintas comarcas galegas.

Trátase dun plan que concreta a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en distintas estradas autonómicas.

Un compromiso que foi recollido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria do pobo galego e que está a efectivizarse con actuacións concretas desde o Goberno autonómico.

O Plan de Sendas de Galicia prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre o conxunto do territorio da Comunidade, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

Un plan que, estamos convencidos, está a supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redundará tamén no incremento da calidade de vida de todos os galegos.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta en **Pleno**:

-Cal é o grado de desenvolvemento actual do Plan de Sendas de Galicia?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 11:39:04**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 11:40:27**

**Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 11:44:47**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/01/2020 11:46:31  
Nº Rexistro: 60935  
Data envío: 07/01/2020 11:46:31.187**

**Antonio Mouriño Villar na data 07/01/2020 11:44:56**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 07/01/2020 11:45:08**

**Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 11:45:20**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 11:45:35**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**.

Desde hai anos, todas as actuacións en materia de estradas da Xunta de Galicia teñen como un dos seus obxectivos prioritarios o reforzo da seguridade viaria nas estradas da súa titularidade.

A este obxectivo responden distintas medidas e plans que o Goberno galego vén desenvolvendo nos últimos anos, como poden ser o Plan de reforzos de firme, o Plan de Sendas de Galicia ou o Programa específico de seguridade e inspección das pontes e obras de paso.

Máis recentemente, o traballo da Xunta tamén se está a centrar no desenvolvemento da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas: unha medida coa que o Goberno galego atende a resolución aprobada neste Parlamento no marco do Debate Anual de Política Xeral celebrado en outubro de 2017 e coa que ten previsto actuar en todos os treitos de concentración de accidentes identificados na rede de estradas autonómicas na actual lexislatura.

O Goberno do Estado, como titular dunha ampla rede de estradas na nosa Comunidade, tamén debería adoptar medidas e activar un programa similar ao que vén aplicando a Xunta nas estradas da súa competencia, para eliminar os chamados puntos negros nas estradas estatais, bastante abundantes na nosa Comunidade. De feito, segundo un estudo recente, o treito máis perigoso da rede viaria estatal atópase en Galicia, concretamente na provincia de Ourense, na N-541.

Co propósito de coñecer de xeito detallado o estado de tramitación actual, o avance dos distintos proxectos e os investimentos previstos no marco da Estratexia da Xunta de eliminación dos treitos de concentración de accidentes, e tamén para saber se ten constancia de que desde o Goberno español se está a facer algo similar nas estradas de competencia estatal, os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en **Pleno**:

- Cal é o grado de desenvolvemento actual da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Asinado dixitalmente por:**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 07/01/2020 11:50:31**

**Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 11:50:49**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 11:51:05**

**Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 11:51:15**

**Antonio Mouriño Villar na data 07/01/2020 11:51:39**

**Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 11:51:51**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 11:51:59**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

**María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Diego Calvo Pouso, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, **a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, se achegan á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”*; engadindo que *“se desenvolverán as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da Administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta de Galicia, desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a impulsar e traballar na integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño Francés: baixada do Monte do Gozo, San Lázaro e zona de Concheiros; do Camiño Portugués, no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo; e do Camiño Inglés, para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinou un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, adxudicou en setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras, o que permitiu definir as actuacións redactar os proxectos e iniciar a tramitación de expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras.

O Camiño Francés é o Camiño por excelencia xa que é o Camiño polo que transitan máis do 60 % dos peregrinos que se achegan ata Santiago. Ademais, discorre por unha parte urbana que ten unha alta densidade de tráfico ao ser unha das saídas naturais cara ao norte ou cruzar viarios importantes como a Avenida de Lugo.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



Neste sentido, as propostas do equipo redactor do proxecto de adecuación paisaxística deben ter en consideración as particularidades do Camiño Francés en múltiples aspectos, pero particularmente na mobilidade funcional da cidade.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en **Pleno**:

1. Que melloras e actuacións concretas recolle o proxecto de integración paisaxística do Camiño Francés á súa entrada en Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Antón Vilasánchez na data 07/01/2020 12:04:34**

**Paula Prado Del Río na data 07/01/2020 12:04:48**

**Diego Calvo Pouso na data 07/01/2020 12:05:00**

**Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 12:05:14**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 12:06:00**

**Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 12:06:12**

**Antonio Mouriño Villar na data 07/01/2020 12:06:26**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 07/01/2020 12:06:37**

**Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 12:07:11**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 12:07:20**



## Á Mesa do Parlamento

**María Antón Vilasánchez, Martín Fernández Prado, Paula Prado del Río, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, se achegan á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”*; engadindo que *“se desenvolverán as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da Administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta de Galicia, desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a impulsar e traballar na integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño Francés: baixada do Monte do Gozo, San Lázaro e zona de Concheiros; do Camiño Portugués, no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo; e do Camiño Inglés, para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, adxudicou en setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras, o que permitiu definir as actuacións redactar os proxectos e iniciar a tramitación de expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras.

A Xunta ten reforzado o seu compromiso coa posta en valor dos Camiños, incrementando os obxectivos que se tiña marcado nun principio e ampliando incluso ámbitos de actuación en proxectos concretos.





Todo, en aras de acadar a mellora estética e funcional do Camiño para construír unha identidade homoxénea e ofrecer a máxima calidade na experiencia do peregrino.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en **Pleno**:

1. Como están a avanzar os distintos proxectos de integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Antón Vilasánchez na data 07/01/2020 12:11:03**

**Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 12:11:21**

**Paula Prado Del Río na data 07/01/2020 12:11:37**

**Diego Calvo Pouso na data 07/01/2020 12:11:49**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 12:12:08**

**Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 12:12:21**

**Antonio Mouriño Villar na data 07/01/2020 12:12:57**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 07/01/2020 12:13:09**

**Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 12:13:26**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 12:13:35**



## Á Mesa do Parlamento

**Martín Fernández Prado, Beatriz Mato Otero, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Vía Ártabra é unha vía fundamental para a área metropolitana da Coruña. Neste sentido, cómpre recordar que o actual Goberno da Xunta puxo en servizo dous treitos da Vía Ártabra en plena crise e recesión económica.

A conexión da Vía Ártabra coa AP-9 é imprescindible para o completo funcionamento desta vía de altas prestacións, para garantir os movementos dos concellos de Oleiros, Sada e Cambre cara a Coruña e viceversa.

Por iso, a Xunta de Galicia está a facer todo o posible para levar adiante esta infraestrutura, desenvolvendo a que tecnicamente se considera a única opción posible de conexión coa AP-9, no enlace da Gándara.

A firme vontade da Xunta de axilizar as obras de conexión desta vía estratéxica coa AP-9, levou a que o Goberno galego decidise desenvolver a actuación en dúas fases: unha primeira entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221; e unha segunda, entre esta última vía e a autoestrada AP-9, que require da autorización do Ministerio de Fomento.

Isto permítelle ao Goberno galego avanzar o inicio das obras nun primeiro tramo da conexión da Vía Ártabra coa AP-9, entre a N-VI e a estrada autonómica San Pedro de Nós-Mabegondo (AC-221), mentres non se resolve a autorización do Ministerio de Fomento da conexión coa Autoestrada do Atlántico.

A Xunta iniciou as obras de execución deste treito da Vía Ártabra no verán, unha vez asinado o contrato das obras e realizado o levantamento de actas de ocupación previa entre os días 19 e 24 de xullo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en **Pleno**:

1. Como están a avanzar as obras de prolongación da Vía Ártabra entre a N-VI e a estrada autonómica AC-221?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 12:29:24**

**Beatriz Mato Otero na data 07/01/2020 12:29:40**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 12:29:56**

**Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 12:30:13**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 07/01/2020 12:30:21**

**Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 12:31:12**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 12:31:22**

**Diego Calvo Pouso na data 07/01/2020 12:31:36**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e María Teresa Porritt Lueiro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A dignidade da persoa constitúe o núcleo central da Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 e o pilar básico da Declaración sobre Bioética e Dereitos Humanos da Unesco, aprobada pola Conferencia Xeral da Unesco por aclamación no ano 2005. A Declaración trata das cuestións éticas relacionadas coa medicina, as ciencias da vida e as tecnoloxías conexas aplicadas aos seres humanos, tendo en conta as súas dimensións sociais, xurídicas e ambientais. Dende o ano 1978, a dignidade humana recoñécese como fundamento do orde xurídico e da paz social, tal e como recolle a Carta Magna, regulándose no seu artigo 10.

Eutanasia significa “boa morte” o que se traduce no acto deliberado de dar fin á vida dunha persoa, producido pola súa vontade expresa e co obxecto de evitar un sufrimento. O debate sobre a eutanasia, dende o punto de vista social, da bioética e do Dereito leva aberto en España dende hai décadas. A obriga do lexislador é, precisamente, atender ás demandas da sociedade, respectando os seus dereitos e lexislando en consecuencia, tamén sobre a legalización e regulación da eutanasia. Asemade, deputadas e deputados debemos lexislar para respectar a dignidade, a autonomía e a vontade de poñer fin á vida de quen está nunha situación que o remita a esixir esta liberdade de elección como un dereito.

Neste senso, no ano 2015 o Parlamento de Galicia aprobaba a Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, a Lei 5/2015, do 26 de xuño, respectando así a calidade de vida e a dignidade dos enfermos terminais, é dicir, regulando o dereito a unha morte digna. Se ben outros parlamentos autonómicos fixeran algúns avances anteriormente (Andalucía, Aragón ou Navarra) a lei galega si que apuntaba moitos avances que non eran recollidas polas lexislacións predecesoras. Un chanzo máis neste camiño foi, neste mesmo ano, a Proposición de lei orgánica de regulación da eutanasia, publicada no Boletín do Congreso dos Deputados o día 30 de xullo de 2019 e proposta polo Grupo Socialista. A lei pretendeu dar unha resposta xurídica, sistemática, equilibrada e garantista á demanda da eutanasia. En setembro, foi aprobada a súa



toma en consideración, cos votos en contra dos grupos de Vox e do Partido Popular.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten o Goberno a dispoñibilidade de colaborar activamente e facilitar as medidas precisas para a posta en marcha en Galicia da lexislación estatal sobre o dereito á eutanasia e morte digna?

Pazo do Parlamento, 07 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
María Teresa Porritt Lueiro  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2020 09:54:36**

**Julio Torrado Quintela na data 07/01/2020 09:54:46**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/01/2020 09:54:57**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 07/01/2020 09:55:08**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O día 5 de maio de 2015, o Pleno do Parlamento aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei pola que se instaba a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado o traspaso das competencias en materia de sanidade penitenciaria para a súa asunción polo Sergas, debendo acompañar esta transferencia dos medios económicos e materiais necesarios, así como para incorporar á poboación reclusa ao Plan Estratéxico de Abordaxe da Hepatite C (posto que nos cárceres galegos hai centos de persoas reclusas afectadas por esta enfermidade). A finais do ano 2016, o Senado aprobaba, tamén por unanimidade, o traspaso das competencias da sanidade penitenciaria ás comunidades autónomas ou ao Sistema nacional de saúde.

A propia Lei xeral de sanidade, do 25 de abril de 1986, recolle como o seu obxectivo fundamental facer efectivo o dereito á protección da saúde e o deseño do Sistema Nacional de Saúde (SNS) como sistema que debe comprender toda estrutura da sanidade pública. Xa posteriormente, a exposición de motivos da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, fala da universalidade dos coidados médicos para toda a poboación e de que estes deben ser prestados con criterios de equidade e calidade. Finalmente, na súa Disposición adicional 6ª, esta mesma norma establece a obriga do traspaso de competencias en materia de sanidade penitenciaria, para a súa posterior integración nos respectivos servizos de saúde autonómicos.

O anterior significa que cómpre que a Administración sanitaria galega proceda á constitución da mesa mixta Comunidade Autónoma-Estado para o comezo das negociacións. A realidade é que, no centro penitenciario de A Lama, por exemplo, hai escaseza de persoal médico e, pese a abundancia de patoloxías psiquiátricas das persoas internas, a psiquiatra que está contratada visita o centro só un par de veces ao mes.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está a cumprir o Goberno galego a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde?

Pazo do Parlamento, 07 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2020 10:03:56**

**Julio Torrado Quintela na data 07/01/2020 10:04:06**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/01/2020 10:04:18**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/01/2020 10:04:28**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo e María Teresa Porritt Lueiro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O artigo 132.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que, anualmente, as administracións públicas farán público un plan normativo que conterà as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte. Non obstante esta obriga, a Xunta de Galicia nin sequera ten aprobado o calendario normativo para este ano 2019 (polo que non se coñecen as previsións normativas para este ano ao que só lle quedan 3 meses para rematar), ao que hai que engadir o deficiente grao de cumprimento por parte do Goberno galego dos seus propios plans normativos anunciados 2017 e 2018.

A realidade é que, a día de hoxe, o Goberno non ten dispoñible no Portal de Transparencia o necesario informe de seguimento do plan normativo de 2018, comprobando novamente a incapacidade legislativa do Goberno para presentar diante do Parlamento de Galicia os proxectos de lei que sistematicamente vén anunciando.

E atopamos esa mesma liña de incumprimento dos compromisos legislativos cando só se teñen aprobado 5 das 20 leis que o presidente da Xunta anunciara no seu programa electoral ás eleccións autonómicas de 2016. Xa que logo, seguimos diante da legislatura de máis baixa iniciativa legislativa por parte do Goberno galego.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pode afirmar o Goberno galego que cumpre as súas promesas?

Pazo do Parlamento, 07 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Teresa Porritt Lueiro







Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2020 11:22:10**

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 07/01/2020 11:22:21**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O persoal técnico da equipa número 2 da área de Menores do Servizo da provincia de Pontevedra de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, con sede en Vigo, rexistraban no mes de xullo un escrito de solicitude de reparto equitativo e aleatorio (non discrecional) dos novos expedientes que vaian entrando nese servizo. No mesmo escrito advertían que a actual distribución pode supoñer a falla da atención precisa aos expedientes e os retrasos na súa tramitación. As causas desa solicitude non son outras que a sobrecarga no traballo desa equipa, como consecuencia do cambio na organización do servizo que se fixera no mes de febreiro deste mesmo ano.

No Servizo provincial hai actualmente seis equipas, formadas por 6 persoas cada unha, e salvo a equipa número 2, que ten só 5. A maiores, a media do número de expedientes de cada equipa ronda os 65, mais a realidade do traballo non é a mesma. Como exemplo, esta equipa asumiu, cando menos, un 40 % máis de expedientes novos que o resto do servizo, segundo denunciaban en xullo o persoal técnico.

O anterior amosa unha pésima organización do traballo por parte das persoas responsables do Servizo e, en último termo, polos responsables políticos do Goberno galego, afectando directamente ás persoas usuarias, é dicir, menores es as súas familias.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten que dicir o Goberno galego sobre a situación advertida polo persoal técnico da equipa número 2 da área de Menores do Servizo da provincia de Pontevedra de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social?





Pazo do Parlamento, 07 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2020 11:30:25**

**María Luisa Pierres López na data 07/01/2020 11:30:37**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/01/2020 11:30:47**

**Julio Torrado Quintela na data 07/01/2020 11:31:05**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e María de Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Precisamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o Estado de Dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. E a xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista. Os datos indican que as mulleres están máis desprotexidas no mundo rural. Segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial (no Informe correspondente aos anos 2016-2018), en torno ao 70 % dos casos de violencia machista prodúcese en poboacións de menos de 100.000 habitantes, o que significa que afecta a todas as poboacións galegas a salvo Vigo, A Coruña e Ourense. Isto implica a necesidade de redobrar os esforzos no ámbito rural. O propio Observatorio fai fincapé en que se deben estender ás zonas rurais todos os recursos de prevención da violencia de xénero, así como os dirixidos a prestar asistencia e protección ás vítimas. E a coordinación entre todos os servizos, sempre necesaria, faise neste campo aínda máis indispensable.

Considerando a dispersión e envellecemento da poboación en Galicia, calquera achegamento dos recursos dos xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil, por iso, ademais de ampliar o número de xulgados de violencia contra a muller, cómpre a comarcalización dalgúns servizos propios destes xulgados específicos e que existen só nos partidos xudiciais de dúas cidades galegas. Ao anterior hai que engadir que, en resposta do 8 de abril deste ano, o Goberno dicía que elaboraría un estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego co obxectivo de incrementar o coñecemento sobre a incidencia e as características da violencia de xénero no ámbito rural. Tamén facía referencia a resposta á sinatura dun convenio de colaboración cunha entidade privada como as “Federacións de Mulleres Rurais” para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte o Goberno galego que a xustiza ten un papel fundamental na loita contra a violencia machista?

Pazo do Parlamento, 07 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
María Teresa Porritt Lueiro  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
José Manuel Pérez Seco  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2020 11:33:27**

**María Luisa Pierres López na data 07/01/2020 11:33:37**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 07/01/2020 11:33:48**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/01/2020 11:33:57**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/01/2020 11:34:10**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/01/2020 11:34:24**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Dirección Xeral de Emerxencias ten atribuídas, en virtude do Decreto 303/2009, do 21 de maio, as competencias en materia de emerxencias e protección civil, incluíndo a superior dirección en materia de protección civil e emerxencias, así como a planificación e dirección da xestión de riscos e a participación nos programas dos servizos contra incendios e salvamento locais. Ademais, segundo dispón o artigo 13 da Lei de emerxencias 5/2007, do 7 de maio, correspóndelle á persoa titular da Consellería en materia de Emerxencias a proposta ao Consello da Xunta de Galicia do mapa de emerxencias, así como a súa modificación.

A Deputación de Pontevedra elaborara no seu día un estudo-diagnóstico do mapa das emerxencias na provincia no ano 2018. O estudo partía da consideración do territorio provincial en base a isócronas de atención nun tempo máximo de 20 minutos. Fixera así unha serie de propostas para a mellora da planta de parques do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento, que permitisen unha mellor cobertura e o fin das zonas de sombra detectadas nuns 30 concellos da provincia, moi especialmente nos do interior. As propostas tiñan como obxectivo servir de punto de partida para as conversas co Goberno galego, corrixindo así as disfuncionalidades derivadas da implantación dos parques no ano 2011. De feito, o Goberno galego propuxera iniciar conversas para comarcalizar os parques municipais de Vigo e Pontevedra.

As conclusións daquel estudo-diagnóstico foron que hai 52.540 persoas con cobertura “non óptima” na provincia de Pontevedra, ou o que é o mesmo, sen unha atención en menos de 20 minutos. Coa proposta realizada pola Deputación conseguíase reducir esa poboación en “zona de sombra” nun 64,50 %, deixándoa en 18.650 persoas, e coa proposta da Xunta de Galicia, a redución sería do 50,85 % e deixaría a 25.823 persoas en “zona de sombra”. A proposta da Deputación incluía ademais vantaxes operativas en canto á cobertura en número de edificacións, metros cadrados de solo urbano, equipamentos públicos e superficie de monte forestal. Mentres, a proposta da Xunta de Galicia non resolvía a atención por isócronas de 20 minutos en gran parte da peor “zona de sombra”, situada no interior da provincia.



Asemade, ocorre que noutras deputacións do Estado teñen utilizado con éxito os recursos que lles chegan, vía contribución especial, da patronal dos seguros, “UNESPA”. Quizais estaría ben para a construción das infraestruturas necesarias na actual planta de parques comarcais do Consorcio, mais sería necesario cambiar o réxime financeiro do Consorcio para que a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia achegasen os recursos necesarios para o funcionamento ordinario daquel órgano.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten coñecemento o Goberno das conclusións do estudo-diagnóstico do mapa das emerxencias realizado pola Deputación de Pontevedra na provincia no ano 2018? Se a resposta fose positiva, que lle parecen?

Pazo do Parlamento, 07 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Teresa Porritt Lueiro  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2020 11:46:19**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 07/01/2020 11:46:28**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/01/2020 11:46:36**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No ano 1869, Julio Verne publicaba “20.000 leguas de viaxe submariña”. Nunha das pasaxes da novela, o Capitán Nemo explicaba a visita do “Nautilus” aos fondos da ría de Vigo para rescatar cofres cheos de ouro e prata. Ao carón da Illa de San Simón (en Redondela) hai unha escultura de Nemo e dun buzo que só se albisca cando a marea baixa.

A illa foi na Idade Media antigo centro monástico cantado por Mendinho, habitada polos templarios a partires do século XII e logo polos franciscanos, cedida no século XV á raíña Isabel a Católica pola diocese de Tui e ata saqueada no século XVI por piratas ingleses. Soportou todas as pandemias de cólera e lepra que viñan cos mariñeiros dos máis de 2400 barcos que chegaron á ría e, en 1927, pechou a súa leprosería, construíndo entón a ponte á illa de San Antón. Entre 1936 e 1943, os edificios da illa foron empregados como campo de concentración para os máis de 2500 presos contrarios ao franquismo e á ditadura. As condicións de vida eran inhumanas e os fusilamentos contáronse por centos.

No ano 1999, o conxunto das Illas de San Simón e San Antón foi declarado BIC, comezando anos despois a reconstrución ata que no ano 2006, a Xunta de Galicia o declarou símbolo da represión. Na actualidade, a Xunta de Galicia defínea como “A Illa do Pensamento”, tendo como fin convertela nun faro de actividade cultural con capacidade para atraer a pensadores e institucións de relevancia internacional e difundir a cultura de Galicia. Mais a realidade é que o estado dos monumentos e a actividade cultural son ben lamentables -só serve como “patio de recreo” para excursións-. Alí están a Casa da Cultura e dos Deportes do Mar, a leprosería, unha capela, a Residencia “Stella Maris”, un auditorio multiusos, dous miradores, un centro de interpretación e documentación, un cemiterio, un osario, a ponte que une as illas, un embarcadoiro, xardíns, un paseo de acacias e outro de buxos ou viveiros de plantas. Todo estivo en funcionamento no seu día cun gran investimento, hoxe esmorece de forma absurda e inxustificada.





Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pode afirmar o Goberno galego que o conxunto das Illas de San Simón e San Antón, no Concello de Redondela, constitúe un faro da actividade cultural en Galicia?

Pazo do Parlamento, 07 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2020 12:03:21**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/01/2020 12:03:32**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/01/2020 12:03:45**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e María Teresa Porrit Lueiro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán. Tamén ten unha Lei de normalización lingüística dende o 15 de xuño de 1983. O artigo 7.3 da lei dispón que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza e o 7.2 que a parte ou interesado/a terá dereito a que se lle notifique na lingua oficial que elixa. O que significa que tamén ten dereito a solicitar que os órganos xurisdicionais ditén sentenzas en galego. Cremos que o poderían facer as persoas que compoñen a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Porque o uso da lingua galega na Xustiza é absolutamente residual e non hai datos oficiais actualizados, nin sequera cando se lle piden expresamente ao Goberno. Así o ten feito este Grupo Parlamentario, obtendo como resposta vaguidades:

- 1) O servizo de tradución corre a cargo dos equipos lingüísticos existentes na sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como nas sedes das audiencias provinciais de Pontevedra, Lugo e Ourense. Tamén existen outros equipos de apoio nos decanatos dos xulgados de Santiago e de Vigo e un departamento de coordinación dos equipos lingüísticos na Dirección Xeral de Xustiza. Estes profesionais non só traducen, senón que tamén desenvolven tarefas de asesoramento, resolución de dúbidas ou elaboración de material de consulta.
- 2) No que atinxe á actividade dos letrados e letradas da Xunta de Galicia, coidarase especialmente que as actuacións da Asesoría Xurídica que se produzan fronte aos órganos xurisdicionais radicados no territorio de Galicia se realicen en galego.
- 3) Por último, no que se refire a sentenzas e documentación xudicial, a xestión e custodia destes documentos corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial.



Resulta cando menos curioso que, pese a telo aprobado como proposta de resolución no Debate do Estado de Autonomía do ano 2018, ningunha partida dos Orzamentos para 2020 faga referencia, conforme mesmo recomenda o IV Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias. Unha partida inexistente dificilmente vai facer cumprir estas propostas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cumpre o Goberno galego a Lei de normalización lingüística, de 15 de xuño de 1983, en relación á Xustiza?

Pazo do Parlamento, 07 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Concepción Burgo López  
María Teresa Porritt Lueiro  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2020 12:10:06**

**María de la Concepción Burgo López na data 07/01/2020 12:10:18**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 07/01/2020 12:10:29**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco, Óscar Vilar Chento, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. A xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista que, lonxe de se reducir, repunta. E, a pesares de que Galicia rexistrou 6.537 denuncias por violencia de xénero en 2018 (foran 6.436 en 2017, que xa subira un 13,3 % sobre o ano 2016), só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a muller no noso país, en Vigo e en A Coruña.

Segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, un 73 % dos asasinatos ocorren en poboacións inferiores a 100.000 habitantes, o que alerta de que a “ruralidade” é un factor de vulnerabilidade que se debe ter en conta nas políticas integrais. Xa que logo, considerando a dispersión e envellecemento da poboación en Galicia, calquera achegamento dos recursos dos xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil, por iso entendemos que, ademais da necesidade de ampliar o número de xulgados de violencia contra a muller, a comarcalización dalgúns servizos propios destes xulgados específicos e que existen só nos partidos xudiciais de A Coruña e de Vigo sería unha boa solución.

En resposta de 8 de abril deste ano, o Goberno dicía que se ía a elaborar un estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego (nada sabemos dos seus resultados), chegando incluso a asinar un convenio de colaboración coas federacións de mulleres rurais existentes en Galicia para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural. Nada sabemos de como se chegou a el.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte o Goberno galego que non vivir en Vigo ou na Coruña sexa un factor de vulnerabilidade no ámbito da violencia machista na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 07 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
José Manuel Pérez Seco  
Óscar Vilar Chento  
María Teresa Porritt Lueiro  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/01/2020 12:19:57**

**María Luisa Pierres López na data 07/01/2020 12:20:08**

**Julio Torrado Quintela na data 07/01/2020 12:20:24**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/01/2020 12:20:36**

**Oscar Vilar Chento na data 07/01/2020 12:21:10**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 07/01/2020 12:21:33**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/01/2020 12:21:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A comezos de 2020 a Consellaría de Medio Ambiente informaba que no marco do Plan Hurbe, no período 2010-2018 executáronse 200 actuacións en 125 concellos. Nesa mesma información, indicábase que ano 2019 a Consellería de Medio Ambiente asumiu preto de 90 novos compromisos que mobilizarán un total de 12,9 millóns de euros para a execución de novos proxectos urbanísticos nos concellos galegos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza establecer un procedemento de concorrencia competitiva para o reparto de fondos do Plan Hurbe?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2020 12:43:45**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2020 12:43:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/01/2020 12:43:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/01/2020 12:44:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/01/2020 12:44:14**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/01/2020 12:44:25**



## Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Recentemente véñense de producir vertidos da balsa de Bama, algo que aconteceu reiteradamente nos últimos anos.

Paradoxicamente, no outono de 2019, a balsa desapareceu, tempo despois de que Explotaciones Gallegas presentara o documento “DOCUMENTACIÓN TÉCNICA ASOCIADA A LA SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AGUAS PLUVIALES PROCEDENTES DE LA Balsa DE BAMA. TOURO Documento Refundido”, (presentado por Explotaciones Gallegas a principios de 2019 dentro do “PROXECTO DE DRENAXE TEMPORAL DA MINA DE TOURO”. EXPEDIENTE: DH.W15.64849).

Neste informe propónse tratar con tecnosolos as augas que escoan dentro da mina cara a balsa de Bama (“balsa 2”), agora “desaparecida”, co obxecto de reducir o pH e a carga de metais e sólidos en suspensión que están chegando a dita balsa e rebordando cara o DPH a través do Brandelos, tributario do Ulla.

A empresa informaba tamén que este proceso xa está en marcha. Ao teor do indicado na páxina 20 do documento poderíase verter ata 637.963,12m<sup>3</sup>/ano .





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

A balsa de Bama, denominada “balsa 2”, leva vertendo durante anos augas contaminadas pola mina ao DPH, sen ningún tratamento e sen contar co permiso de vertido que viñan a solicitar.

A empresa reconece na solicitude a alta carga contaminante das augas de escorrentía interiores á mina, que denominan "augas brutas". Son estas as que escoan cara a dita balsa de Bama (balsa 2) e fan que os aportes por rebordamento desta balsa ao Brandelos non cumpran coas NCA.

Na súa argumentación a favor de tratar con tecnosolos as augas antes da chegada destas á balsa de Bama, Explotaciones Gallegas S.L. afirma que estas “augas brutas” xéranse na mina debido ao alto potencial acidificante de "case a totalidade" (>90%) dos materiais xeolóxicos naturalmente presentes na explotación.

Estas afirmacións cuestionan a catalogación e cubicación que a promotora realizou dos materiais denominados NAG (non xeradores de drenaxe ácida) e PAG (potencialmente xeradores de drenaxe ácida), e que estimou nun 50%-50% como máximo, no proxecto “Actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.”.

Este feito vén a confirmar que a práctica totalidade dos entullos xerados pola reapertura da mina xerarían drenaxes ácidas.

Despois de moitos anos a situación da explotación mineira segue a provocar



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

contaminación no dominio público hidráulico sen que se remedie a situación.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta:

- Que medidas ten pensado tomar o Goberno galego para que na balsa de Bama se deixen de producir vertidos contaminantes no entorno e, nomeadamente, ao río Brandelos?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 07/01/2020 12:03:18**

**Marcos Cal Ogando na data 07/01/2020 12:03:29**



## Á Mesa do Parlamento

**Marta Nóvoa Iglesias, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas é o máis antigo de Galicia, e ademais é a principal área industrial da provincia de Ourense, formada por máis de 350 empresas e que conta con 8.000 empregos directos.

Por el circulan diariamente máis de 20.000 vehículos, dos que preto de 5.000 son de tráfico pesado. O aumento experimentado nos últimos anos, tanto na actividade como na demanda de tráfico de mercadorías e persoas no Polígono de San Cibrao das Viñas, fai necesaria a realización de infraestruturas que garantan a competitividade das empresas radicadas no polígono, constituíndo así unha prioridade conectalo coa autovía Madrid-Vigo para reducir o tempo e os custos, unha intervención fundamental, tanto para as empresas que xa se encontran no polígono, como para as que estean por vir.

Ademais esta conexión non só favorecerá ao Polígono de San Cibrao das Viñas, senón que tamén se verá beneficiado o Parque Tecnolóxico de Galicia, situado no mesmo Concello, e o Polígono de Pereiro de Aguiar, que linda co de San Cibrao.

O novo viario de acceso ao polígono de San Cibrao coa A-52 que está a impulsar a Xunta vén reforzar a aposta do Goberno galego por mellorar as comunicacións de forma responsable, eficiente e sustentable, axudando a reforzar a competitividade do territorio e contribuíndo á activación dos motores da recuperación do emprego.

En maio de 2018, nunha visita á zona, o presidente da Xunta anunciaba que as obras do novo acceso ao polígono de San Cibrao das Viñas comezarían no mes de xuño. Cumprindo coa palabra dada, a finais do mes de xuño de 2018 iniciábanse os traballos para a conexión do polígono de San Cibrao das Viñas e a A-52. Traballos que, a día de hoxe, están en plena execución.

Polo exposto, e de cara a coñecer de primeira man como están a avanzar as obras deste novo acceso ao polígono de San Cibrao, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en **Pleno**:

1. Como está a avanzar a execución das obras do viario de acceso ao polígono de San Cibrao desde a A-52?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2020.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Novoa Iglesias na data 07/01/2020 12:44:29**

**Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 12:47:44**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 12:48:05**

**Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 12:50:39**

**Antonio Mouriño Villar na data 07/01/2020 12:50:51**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 07/01/2020 12:51:14**

**Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 12:51:25**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 12:51:34**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Existen numerosos informes contrarios a varios aspectos do proxecto que alertan dos impactos ambientais e dos perigos que suporía a reapertura da mina.

Aínda así, a Xunta de Galicia non lle da carpetazo ao procedemento e consinte unha e outra vez en darlle á empresa unha oportunidade tras outra para demostrar o que é imposible; que pode ser un proxecto sostible e non perigoso.

Por outra banda o artigo 33.4 da Lei 21/2013 de Avaliación ambiental di:

*4. El análisis técnico del expediente de impacto ambiental y la formulación de la declaración de impacto ambiental se realizarán en el plazo de cuatro meses, contados desde la recepción completa del expediente de impacto ambiental. Este plazo podrá prorrogarse por dos meses adicionales debido a razones justificadas, debidamente motivadas.*

O 12 de setembro de 2018 Cobres San Rafael solicita o inicio da avaliación ambiental, solicitude que reitera o 3 de outubro.

Posteriormente solicitou en dúas ocasións a suspensión do procedemento para contestar algún requirimento.

O 21 de febreiro de 2019 solicitou o aprazamento por catro meses.

Segundo a nosa información e en base ao establecido na lei 21/2013 débese de decretar a caducidade do procedemento por sobrepasar os prazos establecidos



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

para a análise técnica e a formulación da declaración de impacto ambiental.

Está demostrado que é un proxecto inviable dende o punto de vista ambiental e do perigo para as persoas é o Goberno galego debe de darlle carpetazo.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Vai a proceder o Goberno galego a declarar a caducidade do procedemento para a actualización e reapertura da mina de Touro por sobrepasar os prazos para a súa tramitación sinalados no artigo 33.4 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 07/01/2020 12:35:52**

**Marcos Cal Ogando na data 07/01/2020 12:36:03**



## Á Mesa do Parlamento

**Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández, Jaime Castiñeira Broz, Antonio Mouriño Villar, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, ten previsto levar a cabo o proxecto do novo trazado da chamada Variante de Alba, un viario que permitirá conectar a N-550 coa estrada entre Vilagarcía de Arousa e Pontevedra (a PO-531), no termo municipal de Pontevedra.

O obxectivo deste novo viario é ofrecer unha alternativa á PO-225, que presenta diversas dificultades por mor do gálibo do viaduto do AVE e porque transcorre por ela o Camiño de Santiago. O seu trazado suporá un importante avance na mobilidade, conectividade e, fundamentalmente, no reforzo da seguridade viaria.

Inicialmente, estívoise traballando nun trazado situado máis ao norte, pero finalmente, e logo de estudar diferentes alternativas por mor das esixencias do Ministerio de Fomento en canto ao enlace na N-550, modificouse o trazado, desprazándoo máis ao sur cara ao casco urbano.

No mes de xuño de 2019 a Xunta avanzaba un novo paso na tramitación administrativa necesaria para a execución da Variante de Alba coa publicación, no Diario Oficial de Galicia, do inicio da información pública do proxecto de trazado e a relación de bens e de dereitos afectados para que os interesados puideran achegar as súas achegas e consideracións.

No trámite de información pública, o Goberno municipal de Pontevedra presentou unhas alegacións nas que cuestiona a alternativa elixida no proxecto de trazado que, sumadas á posición veciñal dificultan a execución desta infraestrutura.

Polo exposto, e tendo en conta que a Xunta leva máis de dous anos traballando na procura do mellor trazado e ten consignado os cartos necesarios nos Orzamentos de 2020 para licitar as obras da Variante de Alba, desde este grupo parlamentario formulamos as seguintes preguntas en **Pleno**:

1. En que estado se atopa actualmente o proxecto de conexión das estradas PO-531 coa N-550, denominada Variante de Alba?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2020.



**Asinado dixitalmente por:**

**Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 12:59:54**

**Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 13:00:06**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 13:01:13**

**Antonio Mouriño Villar na data 07/01/2020 13:01:29**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 07/01/2020 13:01:47**

**Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 13:01:57**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 13:02:06**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre prevención, control e loita contra a corrupción na Xunta de Galiza.

1. No ano 2015, nun contexto de corrupción xeneralizada protagonizada por institucións gobernadas polo PP, o presidente do goberno central, Mariano Rajoy, e o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feixóo, lanzaron unha operación cosmética e propagandística para supostamente converterse en adalides da loita contra a corrupción.

Como resultado daquela operación, presentouse un rimbombante “programa de impulso democrático” e aprobáronse normas de “transparencia e bo goberno” que son pura fachada, un decorado de cartón pedra, unha cortina de fume para enmascarar a opacidade, a propaganda, o veto á participación, e o uso partidista dos fondos públicos.

No que ten a ver coa loita contra a corrupción, por medio da Lei 8/2015 de reforma da lei 6/1985 do Consello de Contas, encomendóuselle a este organismo a competencia de colaborar coa administración na elaboración de instrumentos internos de xestión de riscos, no deseño e implantación dos sistemas de prevención da corrupción, e na avaliación dos plans de prevención de riscos de corrupción.

O primeiro que chama a atención son os escasos avances nesta materia ao longo de case cinco anos e medio. O pasado 23 de decembro, en período navideño e sen case actividade parlamentar, o presidente do Consello de Contas fíxolle entrega ao





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

vicepresidente da Xunta do “Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos de corrupción na administración xeral”, correspondente ao exercicio de 2018. O “Diagnóstico” é o resultado dun traballo iniciado en xullo de 2018 en determinados centros seleccionados (tres consellarías e outros órganos que desenvolven funcións de carácter transversal). A este respecto, chama a atención que se tardase case ano e medio en facer públicos os resultados do estudo.

Cómpre ter en conta, ademais, que en novembro de 2018, máis de tres anos despois da entrada en vigor da lei 8/2015, asinouse un protocolo de colaboración entre a Xunta e Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos de corrupción no sector público autonómico de Galiza.

Do estudo realizado polo Consello de Contas dedúcese que a Xunta de Galiza está en cueiros en materia de prevención e control da corrupción, que non fixo practicamente nada en catro anos e agora, coincidindo de novo en período preleitoral, pretende erixirse en campiona da loita contra a corrupción.

2. A Diagnose pon en evidencia os escasos avances da Xunta do PP nesta materia:

“No ámbito do sector público autonómico, se ben existe un sistema de control interno económico-financeiro, non está implantado de forma explícita un sistema de control interno deste tipo, nin existen, en xeral, documentos descritivos sobre análise de riscos que afecten ao cumprimento dos obxectivos da organización, incluídos os de integridade institucional”. (páx. 15)

“O diagnóstico realizado neste traballo, e polo tanto esta valoración global, parte da análise das evidencias sobre o nivel de establecemento destas medidas nos centros examinados, sen considerar neste primeiro diagnóstico a súa eficiencia e eficacia, que se



pospón a unha etapa posterior, cando o nivel de desenvolvemento dos devanditos controis se atope máis estendido” (páx. 19).

“Existen medidas e realizáronse accións e esforzos propios dun sistema de integridade institucional, como serían a normativa sobre transparencia e bo goberno, incompatibilidades de altos cargos, a aprobación dun código ético institucional, a esixencia de adhesión de altos cargos, unha comisión de avaliación do código ético ou un control económico-financeiro de conformidade coas disposicións establecidas na normativa aplicable, pero que estas accións illadas necesitan dun impulso para constituír un sistema consolidado, integrado cos procesos institucionais e suxeito a autoavaliación e mellora continua” (páx. 20).

“Os resultados reflicten a necesidade de definición dunha estratexia articulada e fundamentada en criterios técnicos para a prevención da corrupción, e tamén unha maior visibilidade do compromiso de apoio dos órganos de goberno á promoción da integridade; un maior coñecemento por parte dos empregados públicos en temas e integridade e prevención da corrupción, e estender a realización de procesos formais de administración de riscos de corrupción aos distintos centros da Administración dentro desa estratexia articulada” (páx. 21).

3. Máis alá do marco normativo vixente, o Consello de Contas formula propostas concretas para desenvolver un auténtico sistema articulado e integral de prevención e loita contra a corrupción, que deberían levar consigo a reforma da Lei de transparencia e bo goberno:

- Elaboración e aprobación dunha estratexia e de plans de prevención da corrupción



Galicia é a principal potencia europea en captura de quenlla. Xunto con Portugal conta co groso da flota palangreira de superficie que se dedica á captura destas especies, pero nos últimos anos a súa capacidade foi minguando. Ademais do alto custo do combustible, o principal motivo desta perda foi a entrada en vigor da normativa comunitaria que prohibe o corte de aletas de quenlla a bordo no 2013.

Galicia cumpre a lexislación en vigor. Se ben é certo que o seu proceder é sostible e responsable, é unha práctica que lle resta competitividade, en tanto en canto esta prohibición non está estendida ao resto de flotas mundiais (entre as que dalgunhas é ben coñecido que si practican o *finning*), o que provoca que existan diferentes condicionantes, segundo a procedencia de cada flota.

A flota galega aproveita integramente o peixe xa que, ademais de ser alimento, a pel utilízase para artigos de coiro e xelatina; as espiñas para cosméticos, provisións médicas e fertilizantes nitroxenados; as vísceras para aceites de lubricantes; e os dentes para accesorios.

Na actualidade o sector vive unha certa calma, xa que aos prezos estables ou altos das súas principais capturas, súmase un combustible que, sen ser baixo, non alcanza as cotas daqueles anos.

Conscientes de que a Xunta de Galicia defendeu á flota palangreira de superficie galega e a súa actividade sostible e responsable na captura de quenlla, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

- Considera que a flota palangreira de superficie galega compite en igualdade de condicións que outras flotas pesqueiras dedicadas á captura de quenlla?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 09:52:49**

**María Ángeles García Míguez na data 08/01/2020 09:53:04**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 09:53:21**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 09:53:38**

**Marta Rodríguez Arias na data 08/01/2020 09:53:55**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 09:54:44**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 09:54:56**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

Ao longo do verán pasado produciuse unha importante “tormenta mediática” no eido do consumo de peixe logo de que as autoridades sanitarias decidisen aumentar a cinco días a recomendación para conxelar o pescado antes de consumilo, para diminuír o risco de infectarse co parasito do anisakis, tras detectarse supostos casos de contaxio en peixe que fora conxelado previamente.

O anisakis é un nematodo que parasita nos pescados e ao comelo pode adherirse ás paredes do estómago ou do intestino e producir lesións, ademais dunha serie de problemas dixestivos que poden chegar a ser moi graves.

Dende o primeiro momento, o sector pesqueiro galego considerou excesiva a alarma xerada, chegando a sinalar que se trata dunha campaña orquestrada e interesada que busca a baixada no consumo de peixe fresco de lonxa.

A resposta non se fixo esperar e a propia Consellería do Mar, xunto con mariñeiros, comercializadores e praceiros, trataron de neutralizar esta alarma social con campañas a través das redes sociais e dos propios medios de comunicación, xa que nun primeiro momento afectou ao consumo de peixe, principalmente de pescada.

Neste senso, vimos de coñecer proxectos moi interesantes polos cales as frota galegas de Vigo, Celeiro e Burela están a promover estudos e traballos para eliminar a bordo dos buques o parasito do anisakis, a través de diferentes sistemas.

Por todo o sinalado, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en pleno:

- Que proxectos se están a desenvolver para combater de raíz o problema do anisakis?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 09:57:31**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/01/2020 10:00:55  
**Nº Rexistro: 61028**  
Data envío: 08/01/2020 10:00:55.126

**María Ángeles García Míguez na data 08/01/2020 09:58:01**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 09:58:10**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 09:58:22**

**Marta Rodríguez Arias na data 08/01/2020 09:58:52**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 09:59:24**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 09:59:34**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A política de descartes cero que establece a Política Pesqueira Común da Unión Europea choca frontalmente co denominado principio de estabilidade relativa.

Este principio, que data do 1983 (antes da entrada de España na UE), establece uns criterios de reparto das cotas de pesca baseados na actividade realizada nos caladoiros europeos dos 10 países que daquela formaban parte da Comunidade Económica Europea. Compre recordar que ditos criterios tomáronse nun momento no que non existía a obriga de desembarco de capturas.

Sempre defendemos a necesidade de evitar progresivamente os descartes de pesca en base a estudos rigorosos feitos especie por especie, caladoiro a caladoiro, buscando outras alternativas de pesca, e así o subscribimos nun Ditame do Consello Galego de Pesca sobre a reforma da Política Común de Pesca.

Somos conscientes dos problemas que provocaría o feito de non poder descartar especies pola borda no caso de determinadas pesquerías mixtas, xa que se obrigaría a levar a porto todas as capturas efectuadas, incumprindo co actual sistema de Totais Admisibles de Capturas.

A determinación desta obriga a partir de 2019 e a posible insuficiencia do alcance das medidas de flexibilidade nos leva aos deputados e deputadas asinantes a formular a seguinte cuestión:

- Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia da implementación da política de descartes cero?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 10:08:12**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 08/01/2020 10:08:25**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 10:08:37**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 10:08:59**

**Marta Rodriguez Arias na data 08/01/2020 10:09:10**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 10:09:31**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 10:09:57**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

No marco da aprobación do *Decreto 135/2016, do 6 de outubro, polo que se regulan a estrutura e a organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia* e do desenvolvemento dunha acción na que se propuxo facer plans de zonas protexidas dentro do proxecto ARCOPOPLATFORM, presentouse o Plan Camgal 2016-2020, co que se melloraban e actualizaban as ferramentas para a loita contra a contaminación mariña accidental.

Un dos seus obxectivos prioritarios foi a incorporación dun plan de continxencias específico para o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.

O Plan Illas Atlánticas abarca o territorio de varios concellos e comprende parte da zona mariña dos arquipélagos das: Illas Cíes, Illas Ons e Onza, Illas de Sálvora e illotes do seu entorno e Illas de Cortegada, Malveiras e outras illas próximas.

É por iso que nun principio pensouse en darlle a mesma entidade que teñen os plans dos concellos. Tras varias deliberacións e unha consulta informal ao *Ministerio para la Transición Ecológica*, acordouse que formase parte do Plan Camgal como anexo. Isto garantiría que se un vertido afectaba a esta área específica, o Plan Camgal poríase en marcha.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en pleno:

- Que balance fai da aplicación do Plan Camgal no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

### Asinado dixitalmente por:

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 11:04:50**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 08/01/2020 11:05:04**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 11:05:17**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 11:05:31**

**Marta Rodriguez Arias na data 08/01/2020 11:05:42**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 11:06:15**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 11:06:24**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

Dende o 2012 Galicia conta cunha ferramenta fundamental para a loita contra a contaminación mariña accidental, o Plan Camgal.

Conscientes da importancia do seu desenvolvemento, o Partido Popular de Galicia fixo no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en 2016 unha serie de compromisos arredor deste tema.

Dicía aquel documento que *“Na loita contra a contaminación mariña, a principal liña a seguir virá dada pola posta ao día e a adecuación do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan CAMGAL) á nova planificación estatal nesta tarefa” e entre os retos que enumeraba para esa posta ao día estaba o seguinte: “Traballaremos a prol da elaboración dos Plans Locais por parte dos concellos litorais, colaborando e coordinando a súa integración na tarefa da loita contra a contaminación mariña accidental, co fin de minimizar os efectos negativos da mesma nos seus recursos socioeconómicos e ambientais”.*

Respondendo a ese mandato electoral, no 2016 e no marco do desenvolvemento dunha acción na que se propuxo facer plans de zonas protexidas dentro do proxecto ARCOPL PLATFORM, presentouse o Plan Camgal 2016-2020.

Entre as novidades relevantes apuntadas na revisión do Plan Territorial por Contaminación Mariña Accidental de Galicia (CAMGAL), realizada en 2016, está precisamente a inclusión por primeira vez da obrigatoriedade de elaboración de plans locais por parte dos concellos litorais implicándoos na loita contra a contaminación mariña accidental co fin de minimizar os efectos negativos da mesma nos seus recursos socioeconómicos e ambientais. Neste senso cabe destacar que o Sistema Nacional de Resposta, publicado con posterioridade, recolleu tamén os plans locais na organización da resposta a nivel nacional.

Este plan terá carácter obrigatorio, conforme ao establecido no artigo 26 do Decreto 135/2016, do 6 de outubro, polo que se regulan a estrutura e a organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia, e que no relativo aos Plans locais de protección da ribeira do mar contra a contaminación, sinala que os concellos litorais remitirán á consellería



competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental un plan local, segundo os criterios descritos para os plans locais no Sistema nacional de resposta.

Asemade, a consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental emitirá informe sobre os plans locais e elevaraos á Comisión Galega de Protección Civil para a súa homologación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

- Que balance fai da evolución da aprobación dos plans locais nos concellos costeiros de Galicia?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 11:37:28**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 08/01/2020 11:37:43**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 11:37:59**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 11:38:17**

**Marta Rodriguez Arias na data 08/01/2020 11:38:32**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 11:38:51**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 11:38:58**



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

Fomentar unha pesca sostible, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento é un dos obxectivos principais do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) na busca da aplicación da Política Pesqueira Común.

Unha prioridade cuxo cumprimento virá da man de ser capaces de configurar a eficiencia enerxética como unha oportunidade, para desenvolver e implantar innovacións e investimentos que permitan optimizar o emprego de recursos e mellorar os índices da contaminación mariña.

Neste marco, no 2019 presentouse a terceira ORDE no eido de axudas para proxectos colectivos de modernización dos portos pesqueiros, lonxas e lugares de desembarque, para a mellora da calidade, o incremento do control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados, a eficiencia enerxética e a mellora da seguridade e das condicións de traballo; aínda que é a primeira ORDE que ten como único obxecto mellorar a eficiencia enerxética nas lonxas.

Con estas axudas perséguese dous obxectivos:

- Promover a dotación e mellorar as instalacións que prestan servizos ás embarcacións, pescadores e mariscadores, co fin de garantir as condicións de traballo e de seguridade das persoas e os buques, garantir a calidade sanitaria e organoléptica e avanzar no logro dunha actividade pesqueira máis sustentable e economicamente rendible.
- E favorecer a realización das actividades precisas para as operacións de pesca e para a primeira venda dos produtos pesqueiros con criterios de ergonomía e seguridade.

A ORDE estivo dotada cun orzamento de máis de 1,5 M €, distribuído nas seguintes anualidades: 800.000 € no 2019 e 700.666,90 € no 2020.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

- Cales foron os resultados acadados na última convocatoria de axudas para a mellora da eficiencia enerxética nas lonxas?





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/01/2020 11:45:34  
Nº Rexistro: 61042  
Data envío: 08/01/2020 11:45:34.888**

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 11:43:23**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 08/01/2020 11:43:37**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 11:43:46**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 11:44:00**

**Marta Rodriguez Arias na data 08/01/2020 11:44:11**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 11:44:24**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 11:44:46**

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com**

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

Fomentar unha pesca sostible, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento é un dos obxectivos principais do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) na busca da aplicación da Política Pesqueira Común.

Unha prioridade cuxo cumprimento virá da man de ser capaces de protexer e recuperar a biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas.

Con estas axudas preténdese apoiar proxectos colectivos que se centren nas zonas costeiras de interese para a produción ou reprodución dos organismos mariños, que fomenten a xestión sustentable e a conservación dos hábitats e das especies.

Entre as actividades que poderán recibir apoio económico:

- Elaboración e seguimento dos plans de co-xestión de recursos mariños vivos.
- Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños.
- Contribución á vixilancia epidemiolóxica: envío de mostras ao Intecmar para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras.
- Operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies.

A ORDE estivo dotada cun orzamento de máis de 3,4 M € repartido en dúas anualidades: 1,72 M € no 2019 e 1,72 M € no 2020. Estas axudas convocáronse no 2019 por quinta vez, respondendo á demanda do sector de ser convocadas como proxectos plurianuais.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

- Cales foron os resultados acadados na última convocatoria de axudas para a mellora da xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 11:49:07**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**María Ángeles Garcia Míguez na data 08/01/2020 11:49:18**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 11:49:30**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 11:50:07**

**Marta Rodriguez Arias na data 08/01/2020 11:50:17**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 11:50:30**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 11:50:45**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Xa a inicio do ano 2018, o Grupo Parlamentario Socialista presentou diversas iniciativas para a mellora do transporte en Galicia e, concretamente, formulou unha iniciativa para que os beneficios que a xente moza tiña nas denominadas áreas de transporte metropolitano, fosen ampliados a todo o territorio de Galicia, cuestión que foi tratada na sesión Plenaria do 25 de abril de 2018, pero que resultou rexeitada, posto que foi votada en contra polo maioría existente de Grupo Popular.

Pese a esta posición inicial, no Debate de Política Xeral dese mesmo ano, o propio Grupo Popular recolle tal cuestión, sendo aprobada unha resolución ao respecto.

Cando a actual lexislatura está na súa etapa final, parece que tal media pode empezar a poñerse en marcha, aínda que quedan moitas dúbidas sobre o ritmo de execución e a súa implementación real.

Así, logo do tempo transcorrido, a Orde do 18 de decembro de 2019, regula a tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia, establecendo no segundo punto da súa disposición transitoria, sobre a aplicabilidade da tarifa Xente Nova, que a expansión territorial do seu ámbito de aplicación efectuarase “progresivamente”, dependendo (ao parecer) da posibilidade de dispoñer de sistemas de cancelación a bordo dos medios de transporte.

Tal cuestión pode incluso suscitar problemas para o transporte que determinadas persoas o colectivos viñan utilizando para poder acceder a determinados estudos unha vez que completaran o seu ciclo de educación básica obrigatoria.

Resulta evidente que o cumprimento dos obxectivos desta medida ten unha relación directa co ámbito territorial na que poidan ser aplicadas, polo que resulta ou debería resultar unha prioridade esa expansión territorial, xa que, as actuais empresas concesionarias de transporte regular por estrada deberan dispoñer dos



medios necesarios a bordo dos autobuses para poder poñer en marcha sen máis dilación e de xeito inmediato tal medida.

Por todos os motivos anteriores, é polo que o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que previsión temporal manexa a Xunta de Galicia para a expansión territorial da aplicación da gratuidade da tarifa Xente Nova para toda Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 12:01:19**

**María Luisa Pierres López na data 08/01/2020 12:01:32**



## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Rey Varela, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

A ría de Ferrol consta de sete zonas de produción de moluscos e unha zona de reinstalación. Destas oito zonas unha está clasificada como zona A, tres están clasificadas como zona B, tres clasificadas como zona C e unha clasificada como peche.

A Xunta de Galicia leva investidos preto de 100 M € desde 2014 nos traballos de saneamento desta ría. Neste contexto, na primeira metade do 2017, foi posta en funcionamento a rede de saneamento da marxe norte da ría, o que orixinou expectativas de cambio na clasificación microbiolóxica das zonas de produción da ría.

A través do Intecmar, a Xunta de Galicia incrementou a frecuencia de mostraxe nas estacións de seguimento das zonas de produción clasificadas como zona C coa intención de favorecer os cambios de clasificación no menor tempo posible.

Un feito que permite que o marisco extraído poida comercializarse directamente, xa que os prazos de depuración acúrtanse.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

- Que balance fai da evolución da mellora das zonas produtivas que conforman a ría de Ferrol nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

### Asinado dixitalmente por:

**José Manuel Rey Varela na data 08/01/2020 11:55:42**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 11:56:02**

**María Ángeles García Míguez na data 08/01/2020 11:56:15**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 11:56:24**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 11:56:42**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/01/2020 12:16:50  
**Nº Rexistro: 61050**  
Data envío: 08/01/2020 12:16:50.088

**Marta Rodriguez Arias na data 08/01/2020 11:56:52**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 11:57:04**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 11:57:25**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Aurelio Nuñez Centeno, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

O peirao de Malpica é unha infraestrutura complexa desde a súa construción hai máis de 80 anos tanto polas dificultades de saída e entrada como polas correntes que se xeran no seu interior.

Por este motivo, a Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, mantivo varias xuntanzas nos últimos meses coa confraría de pescadores de Malpica de cara a verificar a procedencia das medidas adoptadas e doutras actuacións necesarias para mellorar a seguridade no peirao malpicán.

Co obxectivo de avaliar e determinar cales son as actuacións máis axeitadas para mellorar a seguridade no acceso a esta infraestrutura portuaria, Portos de Galicia contratou uns traballos para:

- Determinar a orixe e as intensidades das correntes que se producen na bocana de acceso á dársena interior do porto e a súa relación coa amplitude da onda longa e o seu período.
- Comprobar a incidencia e os efectos das ondas longas asociadas aos temporais na zona de entrada á dársena interior e no conxunto do peirao coruñés.
- E realizar as análises preliminares sobre as medidas que poidan contribuír a reducir o efecto das ondas longas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte preguntas orais en pleno:

- Que accións está levando a cabo Portos de Galicia de cara a mellorar a seguridade no porto de Malpica?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/01/2020 12:14:01**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 12:14:17**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/01/2020 12:17:18  
**Nº Rexistro: 61052**  
Data envío: 08/01/2020 12:17:18.088

**María Ángeles Garcia Míguez na data 08/01/2020 12:14:29**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 12:14:41**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 12:15:03**

**Marta Rodriguez Arias na data 08/01/2020 12:15:14**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 12:15:29**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 12:15:37**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

Galicia, entre os seus medios propios de rescate, posúe dúas embarcacións polivalentes de mediano porte, que son a “Irmáns García Nodal” e “Sebastián de Ocampo”, con base itinerante, empregadas tanto para a loita contra a contaminación así como no salvamento no mar, que se suman aos dous helicópteros, os coñecidos coma o Pesca I e Pesca II, con base en Vigo e Celeiro-Viveiro, con plena operatividade no rescate marítimo as 24h dos 365 días do ano.

Por todos é coñecido que o seu mantemento e disposición é sufragado integramente pola comunidade autónoma, estando ao servizo e atendendo as demandas de apoio e atención de SASEMAR, dando cumprimento así ao disposto polo Estatuto de Autonomía de Galicia que, no seu artigo 29 recolle que corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en, entre outras materias, salvamento marítimo.

Neste senso, cabe lembrar que este custe ronda os 14 M€ anuais, procedentes na súa totalidade de fondos propios, o que reduce considerablemente a capacidade de cofinanciar outras accións susceptibles de ser abordadas con fondos europeos, ou ben a posibilidade de poder desenvolver de forma directa outras actividades plenamente integradas no marco competencial marítimo-pesqueiro.

Por todo isto, e tendo en conta que Galicia conta cun servizo de rescate único en España, que nos máis de 25 anos de historia salvou a vida de máis de 1.500 persoas, os deputados e deputadas asinantes formula a seguinte pregunta:

-Cantas asistencias a emerxencias ten efectuado Gardacostas de Galicia a demanda de Salvamento Marítimo no último ano?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 12:26:14**

**María Ángeles García Míguez na data 08/01/2020 12:26:37**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/01/2020 12:28:41  
**Nº Rexistro: 61056**  
Data envío: 08/01/2020 12:28:41.795

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 12:26:49**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 12:27:04**

**Marta Rodríguez Arias na data 08/01/2020 12:27:14**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 12:27:30**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 12:27:38**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As medidas de prevención e preparación fronte aos riscos derivados do tráfico marítimo e das actividades industriais costeiras son claves para minimizar os impactos que poden producirse tras un episodio de contaminación mariña.

Para dar resposta a estas eventualidades o Goberno galego deseñou e puxo en marcha o Plan territorial por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan CAMGAL) que cumpre catro anos en vigor.

Co desenvolvemento do Plan CAMGAL por primeira vez na nosa Comunidade se abordaban estas posibles situacións de maneira conxunta e coordinada independentemente da orixe terrestre ou mariña da vertedura, ou da natureza do axente contaminante.

Na pasada lexislatura, distintos departamentos autonómicos traballaron na actualización deste Plan para incorporar as novidades lexislativas e tecnolóxicas que foron aparecendo no eido da contaminación mariña accidental dende a súa posta en marcha no ano 2012.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

- Cales son as principais novidades que se incorporaron no proceso de actualización do Plan territorial por contaminación mariña accidental de Galicia?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 12:20:14**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 08/01/2020 12:20:28**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 12:20:38**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 12:20:58**

**Marta Rodríguez Arias na data 08/01/2020 12:21:08**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/01/2020 12:28:52  
Nº Rexistro: 61057  
Data envío: 08/01/2020 12:28:52.405**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 12:21:31**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 12:21:52**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**María del Carmen Rodríguez Dacosta, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia anunciou en setembro do 2019 que investiría 22,3 millóns de euros na posta en marcha de 77 obradoiros de emprego, en colaboración cos concellos, mancomunidades de municipios e entidades públicas vinculadas a estes.

Afirmaron que se levarían a cabo 57 obradoiros duais e 20 específicos para menores de 30 anos a través do Sistema de garantía xuvenil para seguir impulsando o acceso ao mercado laboral entre a mocidade.

O reparto por provincias manifestan que é o seguinte:

- A Coruña un total de 25 obradoiros (16 duais e 9 xuvenís)
- Lugo 14 (12 duais e 2 xuvenís)
- Ourense 17 (14 duais e 3 xuvenís)
- Pontevedra 21 (15 duais e 6 xuvenís)

Os obradoiros de emprego, tiñan como data de comezo a partires do 30 de setembro do presente ano formando parte da Axenda 20 para o Emprego que inclúe, entre os seus obxectivos, mellorar a formación, capacitación e especialización das persoas traballadoras ao longo da vida laboral como panca de cambio. Permite, ademais, actualizar a formación para o emprego nun contexto de aparición de novas ocupacións e transformación ou desaparición doutras.

En relación con antedito, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantos proxectos foron presentados para esta convocatoria de obradoiros de emprego?





Pazo do Parlamento, 08 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/01/2020 11:03:19**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2020 11:03:28**

**Julio Torrado Quintela na data 08/01/2020 11:03:39**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Parlamento de Galicia ten aprobado, por unanimidade e xa por dúas veces, a prohibición do uso da cortadera -tamén chamada herba da pampa- e o deseño “inmediato” dun plan de erradicación e control da mesma en toda Galicia.

Chegou a España como planta de xardín na década dos anos 80 e foise expandindo por toda Galicia. Esta especie exótica procedente da Arxentina é invasora, expándese con facilidade e, cando prende as súas raíces, estas incrustanse na terra de maneira moi profunda. Supón tamén unha grave ameaza para a conservación da biodiversidade. Os científicos advirten de que, canto máis tarde se actúe, maior será o custo para a súa eliminación, xa que a dinámica de crecemento desta especie é moi rápida e cortar os plumeiros que ten a planta é só un parche porque volven saír. Medio país anda en guerra cos plumachos, en lugares urbanos, beiras das estradas, desmontes, cultivos abandonados, terreos removidos, espazos forestais periurbanos, zonas de bosques ou plantacións abertas.

E tamén nos polígonos industriais. A comezos do século XXI, milleiros de metros cadrados convertéronse en áreas industriais que hoxe están baleiras e só teñen asfalto e rotondas sen saída. Nun estudo que acaba de publicar a Revista Flora, os investigadores da UDC, Jaime Fagúndez e Daniel Pardo, consideran que estas áreas quedaron sen cuberta vexetal e cun solo pobre en nutrientes, por iso se expandiu nelas a cortadera, e conclúen:

1. Xa está presente en 59 polígonos industriais do país, máis da metade, e a tendencia no curto prazo é a continuar a expansión.
2. A maior presenza da cortadera atópase nas áreas industriais de Ferrol, Coruña e Vigo e, en menor medida, na área de Santiago de Compostela, Barbanza, Pontevedra, norte de Lugo e preto de Ourense.
3. A especie emprega as marxes das estradas para expandir a súa área de ocupación e os polígonos serven como fonte de propágulos.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten o plan de erradicación e control da cortadera un apartado específico respecto da situación dos polígonos industriais de Galicia, onde está presente cada vez máis a herba da pampa?

Pazo do Parlamento, 08 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2020 11:45:12**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 11:45:23**

**María Luisa Pierres López na data 08/01/2020 11:45:35**





## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Teresa Porritt Lueiro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Un dos principios básicos da nosa democracia é o de suficiencia financeira das entidades locais, posto que perciben os seus ingresos tamén a través das comunidades autónomas, no noso caso da galega, que os distribúe de acordo cos criterios legais que ela mesma determina. Este principio recóllese no artigo 105 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, cando dispón que se dotará ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais. É dicir, as entidades locais galegas participan dos recursos da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional. Niso consiste o Pacto de Cooperación Local. Cal é o problema? Que o pacto aínda non está desenvolto na súa totalidade polo Goberno galego e que as cantidades que recibe cada entidade local por provincias non é posible coñecelas, tampouco para a provincia de Pontevedra.

Así, nos artigos 56 e seguintes do Proxecto de lei de orzamentos que se está a debater no Parlamento de Galicia regúlase en abstracto como se fará o reparto do Fondo de Cooperación Local na Comunidade. En concreto, para o ano 2020, os coeficientes de reparto por concellos pontevedreses figuran no Anexo VI, mais non as cantidades, e os convenios e subvencións coas entidades locais pontevedresas recólleos o Anexo VII, se ben non se fan de xeito individualizado. O que significa que resulta imposible saber que cantidades ten transferido a Xunta de Galicia a cada concello da provincia de Pontevedra co Fondo de Cooperación Local. Curiosamente, o Goberno do Estado dá as cantidades exactas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cumpre o Goberno galego o artigo 105 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para os concellos da provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 08 de xaneiro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2020 11:50:14**

**Julio Torrado Quintela na data 08/01/2020 11:50:25**

**María Luisa Pierres López na data 08/01/2020 11:50:36**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/01/2020 11:51:11**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 08/01/2020 11:51:31**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Máis de 10 anos de Goberno do presidente Feijóo, Galicia perde oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións pola súa deficiente depuración. A Comisión Europea xa ten imposto sancións a España e xa ten anunciado novas denuncias ante o Tribunal de Xustiza da UE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en varias zonas de Galicia; porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública.

O curioso é que temos un Plan de saneamento 2000-2015, que no seu inicio xa daba por feito que uns 500.000 galegos se terían que contentar con sistemas de saneamento individuais, é dicir, con fosas sépticas. E tamén temos un Plan hidrolóxico da demarcación Galicia-Costa, que estará vixente ata 2027 se as reiteradas sentenzas do TS que veñen anulando os reais decretos de aprobación do dito plan hidrolóxico non o impiden. Mais o certo é que, con estes resultados ao longo dos anos, non hai datos sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento, non hai datos de balance.

Como moitos outros concellos de Galicia, o de Pontearreas ten importantes deficiencias na rede de saneamento e depuración das augas residuais, pois moitas das súas parroquias non teñen rede de saneamento; unha desas parroquias é a de Ribadetea, que conta con 800 veciñas e veciños. Moitos deles verten a minidepuradoras que non funcionan correctamente e moitos a fosas sépticas, mais moitos ao río Tea.

No mes de setembro de 2018, o Pleno do Concello aprobaba por unanimidade esixirlle ao Goberno galego un proxecto de saneamento integral para a parroquia e o Goberno comprometeuse ao facer. De feito, en setembro de 2019 ese proxecto era licitado, comprometéndose de novo o Goberno a telo en funcionamento no mes de marzo de 2020.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai estar en funcionamento o proxecto de saneamento integral para a parroquia de Ribadetea no mes de marzo de 2020?

Pazo do Parlamento, 08 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2020 12:07:35**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 12:07:44**

**María Luisa Pierres López na data 08/01/2020 12:07:55**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A situación sanitaria das zonas rurais da comarca de Pontevedra está a sufrir unha importante perda de capacidade asistencial como resultado dunha política de recortes moi estrita aplicada polo Goberno galego nos últimos 10 anos. O persoal do sistema sanitario redobra esforzos e trata de manter o maior nivel de calidade posible, mais a situación está a exceder do aceptable e estanse a perder servizos que empeoran a situación.

As condicións xeográficas e demográficas do concello de Cerdedo-Cotobade caracterizan unha Galicia rural, con poboación dispersa e envellecida, cuxos membros máis activos das familias están desprazados aos grandes núcleos de poboación, con dificultades de comunicación polas condicións persoais e polas deficiencias de transporte público e de comunicacións para a mobilidade por medios propios. Neste concello hai gran preocupación veciñal polo servizo da sanidade, en concreto, tamén pola necesidade de dotar dunha ambulancia ao PAC de Cerdedo que poida dar resposta en caso de accidentes ou urxencias. Na maioría dos casos, a resposta e atención superan con moito a media hora recomendada para chegar á maioría dos puntos das parroquias de Cerdedo e da zona alta de Cotobade. E ao anterior hai que engadir as ausencias do facultativo do PAC cando se ve obrigado a asistir a unha urxencia fóra do propio centro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está satisfeito o Goberno galego coa situación sanitaria do concello de Cerdedo-Cotobade?

Pazo do Parlamento, 08 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/01/2020 12:35:58  
Nº Rexistro: 61068  
Data envío: 08/01/2020 12:35:58.423

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2020 12:09:48**

**Julio Torrado Quintela na data 08/01/2020 12:09:59**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2020 12:10:11**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A chamada “Residencia do Maior de Pontevedra” é un edificio sito na cidade, no céntrico barrio de Campolongo, que existe dende o ano 1993 e que, en 2008, pasou a ser tamén un centro con persoas dependentes. Como consecuencia das demandas do Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar relativas ao desleixo do Goberno sobre o centro, debatéronse varias iniciativas deste Grupo Parlamentario sobre o seu lamentable estado e a necesidade da súa reforma integral, mais a Consellería de Política Social recorreu ao “tapado con parches”.

Curiosamente, o día anterior á presentación pública do proxecto de lei de Orzamentos polo Goberno galego, a conselleira desembarcou en Pontevedra para revelar que a Xunta investirá 3,7 millóns de euros para deixar este centro “como novo”, destinando ao efecto unha partida específica. A propia conselleira indicou que este sería o maior investimento en materia social feito en Galicia no ano 2020 e que as primeiras actuacións comezarían nos primeiros meses daquel ano. O problema está en que no Proxecto de Orzamentos da Xunta de Galicia para 2020 non aparece unha partida específica para a súa realización, ante o que “fontes da Consellería” indicaron que esa cantidade se atopaba en partidas xenéricas, sen máis concreción.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a partida xenérica da Consellería de Política Social, no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, na que se contempla a reforma da “Residencia do Maior de Pontevedra”, sita no barrio de Campolongo?

Pazo do Parlamento, 08 de xaneiro de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2020 12:17:45**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2020 12:17:55**

**María Luisa Pierres López na data 08/01/2020 12:18:06**

**Julio Torrado Quintela na data 08/01/2020 12:18:29**





## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nos últimos anos estamos a sufrir un importante número de temporais durante o outono e o inverno que están a provocar importantes danos, tanto en bens particulares como no patrimonio público. Os últimos episodios vivímolos os días 19, 20 e 21 de decembro de 2019, que tamén provocaron cortes no subministro eléctrico que, nalgúns casos, chegaron a superar as 24 horas.

Esta situación é debida, en parte, ás deficientes infraestruturas existentes da rede eléctrica no noso país, así como ás deficiencias no seu mantemento.

A maior parte do territorio que sufriu cortes no subministro eléctrico está cuberto pola empresa Naturgy, principal operador en Galicia, que se ten beneficiado da explotación dos nosos recursos.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego desta situación?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/01/2020 12:32:35**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/01/2020 12:32:55**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nos últimos anos estamos a sufrir un importante número de temporais durante o outono e o inverno que están a provocar importantes danos, tanto en bens particulares como no patrimonio público. Os últimos episodios vivímolos os días 19, 20 e 21 de decembro de 2019, que tamén provocaron cortes no subministro eléctrico que, nalgúns casos, chegaron a superar as 24 horas.

Esta situación é debida, en parte, ás deficientes infraestruturas existentes da rede eléctrica no noso país, así como ás deficiencias no seu mantemento.

A maior parte do territorio que sufriu cortes no subministro eléctrico está cuberto pola empresa Naturgy, principal operador en Galicia, que se ten beneficiado da explotación dos nosos recursos.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que medidas vai tomar o Goberno galego respecto das empresas eléctricas que tardaron varias horas en restablecer o subministro eléctrico?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/01/2020 12:30:58**





**Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/01/2020 12:31:18**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No ano 2007 entraba en vigor a lei que reformaba a Lei de Responsabilidade Penal dos Menores 5/2000, de 12 de xaneiro. Grazas a esta norma, os centros de execución de medidas xudiciais de internamento (en réxime pechado ou semipechado) ofrecen un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor maior de 14 anos, tendo entre os seus obxectivos o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social, pero sempre coa fin de cumprir unha sentenza de condena. A execución destas medidas xudiciais é competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

O “Avelino Montero”, en Pontevedra, é un dos centros galegos onde se executan estas medidas xudiciais de internamento. Trátase dunha construción de mediados dos anos 80 que, lamentablemente, está en peores condicións que nos anos 80. O propio Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar comunicou en varias ocasións o desleixo máis absoluto das instalacións: Deficiencias múltiples nas infraestruturas e en todas as instalacións e falla de persoal que inciden directamente no posible fracaso das medidas impostas e que só o grande labor dos profesionais acada impedir. Este grupo parlamentario levou en varias ocasións iniciativas sobre os centros e os seus problemas, recibindo respostas vagas e promesas futuras por parte da Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Curiosamente, o día anterior á presentación pública do Proxecto de lei de orzamentos polo Goberno galego, a conselleira de Política Social desembarcou en Pontevedra para revelar que a Xunta investirá 1,3 millóns de euros para a reforma integral do centro, destinando ao efecto unha partida específica. O problema está en que no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020 non aparece unha partida específica para a súa realización, ante o que “fontes da consellería” indicaron que esa cantidade se atopaba en partidas xenéricas, sen máis concreción.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a partida xenérica da Consellería de Política Social, no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, na que se contempla a reforma do centro de menores “Avelino Montero”, en Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 08 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2020 12:30:52**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2020 12:31:03**

**María Luisa Pierres López na data 08/01/2020 12:31:14**

**Julio Torrado Quintela na data 08/01/2020 12:31:26**



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

Dende os inicios do 2019 rexistráronse bloqueos na zona entre as fronteiras de Marrocos e Mauritania que impiden o normal desenvolvemento do transporte de produtos frescos da pesca a España e o avituallamento para os buques españois que faenan ao amparo do acordo con Mauritania.

Estes cortes son realizados por un grupo de transportistas locais afectados polas supostas subidas de taxas e aranceis aduaneiros entre ambos países.

Pese ás xestións realizadas polo Goberno central, competente na materia xunto coa *Comisión Europea*, a situación que viven os armadores na fronteira mauritano-marroquí segue sen solución.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia interveu desde o primeiro momento, trasladándolle a problemática ao Goberno central, a través dunha misiva á *Secretaría General de Pesca*, na que se solicitaba:

- A mediación entre Marrocos e Mauritania aproveitando o amplo coñecemento que o ministro ten de Marrocos.
- establecemento de medidas transitorias e excepcionais por parte da *Comisión Europea*, como a validación da realización de descargas de peixe no porto de Dakhla por parte dos buques afectados.

Esta mesma demanda trasladouse á *Dirección General de Asuntos Marítimos y Pesca* da *Comisión Europea* nunha xuntanza mantida en Bruxelas e volveuse reiterar recentemente á *Secretaría General de Pesca* noutras dúas misivas.

Con todo, a Xunta de Galicia encargou a elaboración dun informe ao catedrático de dereito internacional público da Universidade da Coruña, José Manuel Sobrino Heredia, no que analizar o conflito.

Trátase dunha consulta xurídica, cuxos resultados foron expostos pola Xunta de Galicia á afectada Organización de Produtores de Pesca de Palangre ORPAL

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/01/2020 12:40:11  
**Nº Rexistro: 61081**  
Data envío: 08/01/2020 12:40:11.940

1. Cales foron as conclusións extraídas do informe elaborado polo profesor José Manuel Sobrino Heredia?

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2020.-

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2020 12:35:43**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 08/01/2020 12:35:56**

**Martín Fernández Prado na data 08/01/2020 12:36:06**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/01/2020 12:36:24**

**Marta Rodriguez Arias na data 08/01/2020 12:36:34**

**María Soraya Salorio Porral na data 08/01/2020 12:36:56**

**Daniel Vega Pérez na data 08/01/2020 12:37:04**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPG6BZ3EK98V3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As investigacións levadas a cabo nos últimos anos polo grupo de investigación Romanarmy, que reúne a arqueólogos profesionais das universidades de Santiago, Oviedo, Braga, Edimburgo e o CSIC entre outros, están aumentado de forma notable o noso coñecemento sobre a conquista do noroeste peninsular por Roma.

No seno das súas investigacións o grupo atopou os restos de numerosos campamentos romanos temporais no territorio da antiga Gallaecia, ofrecendo unha nova visión sobre a presenza das lexións romanas e a súa penetración no noso territorio.

Un dos campamentos máis singulares dos atopados sitúase no castro de Santa Baia, na parroquia de Soandres en Laracha (A Coruña), no territorio que foi ocupado por un dos pobos galaicos máis mencionado nas fontes clásicas, os ártabros, e cerca da antiga Brigantium.

Santa Baia é un caso especial porque segundo afirman textualmente os investigadores “Santa Baia é un caso especial porque expón interesantes cuestións ao redor da relación entre campamentos romanos e castros indíxenas. No contexto das guerras cántabras temos varios exemplos de castros reocupados por tropas romanas, como poden ser Monte Bernorio e A Lomba (Palencia), así como Santa Mariña e a Espiña do Gállego (Cantabria). Nas Illas Británicas tamén hai varios exemplos moi coñecidos, como poden ser Hod Hill en Dorset ou Brandon Hill, cerca de Gales”. En todos estes casos o campamento sitúase no interior do castro, a zona máis elevada e fácil de defender.

Pero, o caso de Santa Baia é distinto porque o campamento desborda os límites da fortificación indíxena que desta forma queda no interior do campamento. Ademais as súas proporcións son moito máis grandes. Non é un campamento para un pequeno continxente senón que ten unhas amplas dimensións, superiores a 5 hectáreas, con unha estimación de ocupación entre 2.500 e 3.650 soldados.





Fronte a estas singularidades deste campamento o equipo investigador afirma que “Unha hipótese derivada do noso recoñecemento in situ do xacemento pasa porque o castro xa estivese abandonado no momento da chegada do exército romano, sendo fundado e habitado na primeira Idade de Ferro. Sen embargo, serán precisos posteriores estudos para ter claro se os dous recintos coexistiron dalgún modo ou se simplemente sucedéronse no tempo. En calquera caso, é un caso extremadamente estraño: no ámbito europeo occidental polo momento é o único que coñecemos”.

Dada esta singularidade cremos absolutamente necesario realizar máis investigacións que preserven e poñan en valor o xacemento e aumenten o noso coñecemento tanto sobre este campamento, como sobre a historia da penetración militar romana no noso territorio e as relacións do romanos cos pobos autóctonos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Consellería de Cultura e Turismo o achado deste campamento romano no castro de Santa Baia de Laracha?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2020 12:43:04**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2020 12:43:14**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/01/2020 12:43:26**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación de precariedade do persoal das residencias dependentes da Consellaría de Política Social.

A Secretaria Nacional de CIG Autonómica ven de dirixir un escrito aos grupos parlamentares do Parlamento Galego co contido que a continuación se transcribe:

“A situación de deterioro xeral nas prestacións que están a recibir as persoas maiores usuarias de residencias da terceira idade e centros de día xestionados directamente pola Xunta de Galiza, fundamentalmente polas condicións laborais dos empregados públicos que manteñen este servizo, que se especifican nas seguintes cuestións:

1. O persoal das Residencias de Maiores está a traballar nunhas condicións de sobre esforzo e carga de traballo moi elevado co conseguinte risco de estres laboral. Isto sucede como consecuencia duns cadros de persoal insuficientes para cubrir as necesidades das persoas usuarias. Para a CIG no se trata dunha cuestión puntual tanto no tempo como nos centros e residencias, senón que é xeneralizara. Así a ese sobreesforzo ao que se ve sometido o persoal traballador supón en definitiva unha auténtica explotación laboral.



2. Esta Consellaría ten o índice de sinistralidade laboral maior de toda a Xunta de Galiza, superando a Medio Rural cos bombeiros forestais, e tamén unha porcentaxe de baixas por incapacidade laboral por enriba da media de calquera outro departamento da Administración Autonómica. Supoñemos que moitas destas baixas por IT son consecuencia da carga de traballo o enfermidades relacionadas co traballo a quendas, infeccións bacterianas ou víricas derivadas do traballo con menores ou anciáns, ou incluso trastornos músculo-esqueléticos repetitivos, mal derivados ou non recoñecidos polas mutuas. Como exemplo algunhas residencias teñen hoxe o 20% do seu cadro de baixa, en moitos casos por accidentes laborais e enfermidades comúns derivadas dos esforzos músculo-esqueléticos (Residencias de Maiores de oleiros, Residencias de Maiores de Volta do Castro, Centro Residencial de persoas dependentes de Vigo, etc.)

3. O Cambio de posto de trabalo para adaptación por causas derivadas da saúde logo de accidentes laborais ou simplemente polo traballo continuado, unida á propia idade do persoal, está a medrar de xeito considerable. A Xunta a pesar de ser coñecedora desta situación no implementa medidas de calado para minimizar o risco de lesións. Para a CIG as medidas par mobilización das persoas usuarias como poden ser un mellor equipamento, formación, etc., non poden obviar a necesidade de aumentar o cadro de persoal.

4. Os postos adaptados porque as persoas que os ocupan non teñen as condicións físicas ao 100% e necesitan un apoio para realizar as súas funcións ( e non teñen material de axuda axeitado) fai que se sobrecargue ao persoal que si pode. A Xunta nestes casos tampouco realiza a contratación de persoal de reforzo.

5. As categorías máis afectadas por estas situacións son as de enfermería, auxiliares de enfermería e camareiras-limpadoras. Pero os cadros a mínimos tamén son



os do persoal ordenanza, de cociña ou equipos multidisciplinares. Chegamos ao caso de que hai centros que teñen que deixar de facer actividades ocupacionais ou de animación por esta falta de persoal. Noutros casos queda sen control de acceso a entrada dos centros, con por exemplo sucede na Residencia da Pobra do Caramiñal e no centro de menores de Carballeira en Ourense onde a recepción queda baleira durante os fins de semana ou festivos xa que non hai quen atenda.

6. A suspensión do artigo 19 do V Convenio Único para o persoal laboral supuxo que dende a lei de medidas de 2012 (que foi prorrogada nas sucesivas leis de orzamentos) nas carteleiras de traballo desapareceron os descansos adicionais por traballo a quendas e os directos por traballo en fin de semana e festivos, aumentando a carga horaria de xeito considerable.

7. A falta de persoal de enfermería e auxiliar de enfermería nas listas de agarda para as contratacións temporais son mostra e resultado desta carga de traballo e unhas malas condicións laborais e salariais xa que o persoal auxiliar de enfermería e enfermeiras/os das listas de contratación prefiren acudir ao SERGAS. Isto baleira de facto moitas listas provinciais provocando chamados irregulares o directamente ilegais como aconteceu neste verán 2019 nos centros da provincia da Coruña, onde non houbo ningún procedemento público de selección, incumprindo os principios de mérito, igualdade e capacidade para o acceso á función pública e que así foi denunciado pola CIG.

8. É necesario un dimensionamento axeitado do persoal ás novas condicións das persoas usuarias e centros. O decreto de rateos de persoal é do ano 2005 para os centros de menores e 2007 para os centros de maiores, e dende aquela os usuarios e características dos centros mudaron ( a lei do menor é diferente e a tipoloxía de usuarios tamén, indo cara persoas politoxicómanas e con patoloxías diversas). Nos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

centros de maiores tamén, xa que a día de hoxe poden ingresar nos centros persoas con problemas psiquiátricos, independentemente da idade, o que fai que a atención teña que cambiar e para o que o persoal non está adecuadamente formado. Todo isto repercute tamén directamente na carga de traballo e na calidade do servizo proporcionado.

Dende a representación sindical da CIG-Autonómica do persoal laboral que traballa en residencias de maiores, centros de atención a persoas dependentes e centros de menores consideramos que o PARLAMENTO DE GALIZA é o lugar onde a conselleira responsable desta xestión, Fabiola García Martínez, debe dar explicacións desta situación. É insostible alongar no tempo durante tantos anos a necesaria ampliación do cadro de persoal que fai que xunto coa falla de cobertura de ausencias e contratacións “a dedo”, a Xunta de Galiza está a deteriorar gravemente a prestación dos servizos públicos e a incidir moi negativamente na seguridade e saúde do persoal.

Por todo o anterior reiteramos a solicitude de comparecencia por ía de urxencia á Conselleira de Política Social no Parlamento Galego para explicar a que se deben os numerosos recortes efectuados e a non ampliación dos cadros de persoal de acordo a un dimensionamento en base a rateos xustas segundo centros e persoas usuarias, que non comprometan a seguridade e saúde do persoal traballador en Política Social, que están a incidir negativamente nunha prestación digna e de calidade nos centros de persoas maiores e nos centros de menores da Xunta de Galiza.”

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego fai propia a demanda que realiza CIG-Autonómica e por esa razón presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Van proceder ao dimensionamento preciso dos cadros de persoal, de xeito que as rateos se adapten tanto ao número como as novas tipoloxías de usuari@s e deixen de comprometer a seguridade e saúde do persoal traballador e a calidade asistencial que se presta?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2020 13:41:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2020 13:41:57**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2020 13:42:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2020 13:42:14**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2020 13:42:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2020 13:42:30**



## Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Si se observan os datos do Instituto Galego de Estatística sobre os principais produtos hortícolas dos que hai rexistros, entre 2009 e 2017, observamos que practicamente todos eles baixan a súa produción.

Tomate, feixón verde, cebola e repolo descenden de xeito importante e só a leituga mantén a mesma produción.

O descenso da produción do tomate en Galiza é de 7.768 toneladas, o que significa un descenso do 7,5% da produción.

A produción da cebola descende un 24,90% e 10.061 tms, o feixón 6.880 tms e un descenso do 12%, e o repolo perde 20.423 tms de produción cun descenso porcentual dun 25%.

Son importantes descensos que non se ven compensados polo incremento do 2,1% da produción de leituga que significan 525 tms.

En troques as importacións de legumes, hortalizas e tubérculos incrementáronse neses mesmos anos un 45%.

Tendo Galiza como ten un grande potencial de desenvolvemento dunha horticultura de calidade e diversificada non se deberían obviar estes datos.

A administración debe de diagnosticar esta realidade e plantexar liñas de traballo que corrixa estas situacións.

A potenciación deste tipo de cultivos é unha oportunidade de creación de emprego, riqueza e fixación de poboación no rural.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/01/2020 13:51:59  
Nº Rexistro: 61104  
Data envío: 08/01/2020 13:51:59.343

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta:

-Cales cree que son as razóns que explican estes datos?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 08/01/2020 13:49:55**

**Marcos Cal Ogando na data 08/01/2020 13:50:08**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á continua baixada na valoración da sanidade pública galega.

Durante os últimos nove anos, o Partido Popular con Núñez Feixóo como Presidente da Xunta á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron no desmantelamento da sanidade pública: Redución de orzamentos, eliminación de máis de 2.000 profesionais, redución de máis de 700 camas nos hospitais públicos, privatización masiva de servizos...

Os colectivos máis vulnerábeis están a sufrir máis cruelmente as consecuencias dos copagamentos e da exclusión de fármacos do catálogo de prestacións farmacéuticas. Os recortes teñen unha gravísima repercusión na prestación dos servizos sanitarios, no deterioro asistencial: fechamento de camas, colapsos de urxencias, sobrecarga laboral d@s traballador@s, aumento das listas de espera.

As enquisas recollen que a valoración da sanidade cae, indicador do problema que está xerando o modelo sanitario de Feixóo e do PP, consistente en privatizacións, recortes e precarización da sanidade

Desde a posta en marcha das políticas de recortes e privatizacións dos gobernos do Partido Popular desde o ano 2009, a sanidade pública entrou nun grave deterioro, como mostra deste deterioro o informe deste ano realizado pola Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, constata un descenso de tres postos no





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ranking de servizos sanitarios autonómicos, pasando da categoría de servizo regular (posto 9º) á de servizo deficiente (posto 12º). Segundo o barómetro sanitario o 3,9% d@s galeg@s non recollen medicamentos nas farmacias por non poder pagalos

A isto hai que engadir que o último informe da prestixiosa revista sanitaria The Lancet, publicado en maio de 2018, que valora a calidade e acceso aos sistemas de saúde, na que retrocedemos 11 postos na clasificación internacional de 195 países de todo o mundo, do 8º ao 19ª.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai realizar o Goberno galego diante da continua baixada na valoración da sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2020 13:52:34**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2020 13:52:41**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2020 13:52:49**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2020 13:52:57**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2020 13:53:06**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2020 13:53:14**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

A Orquestra Sinfónica de Galicia é unha das mellores orquestras do Estado.

Compoñen a orquestra setenta e nove instrumentistas, a quen se suman outras tantas da Orquestra Xoven e rapaces e rapazas da Infantil, ademais de oitenta e cinco persoas do Coro da Sinfónica, outras tantas do Coro Xoven e do Coro Infantil. Súmanse ademais vinte persoas da equipa técnica e administrativa.

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, onde ten a súa sede, participa a nivel internacional nas mellores salas e ciclos de concertos.

O seu financiamento corre a conta do Concello da Coruña, Xunta e Deputación.

Un grupo de persoas amigas da Orquestra Sinfónica de Galicia na Coruña está a promover unha campaña perante a Xunta solicitando máis fondos para esta entidade, dado que dende 2009 se reduce a achega da Xunta á orquestra. Deste xeito, denuncian que a Xunta deixou de ingresar uns 5 millóns de euros dende 2009, o que fixo cancelar proxectos.

Así, a Xunta leva dende 2010 sen cumprir o pacto de financiamento da OSG, pois dende 2011, o Departamento de Cultura destina menos de tres millóns de euros, que era a cantidade mínima conveniada dende 2005, e en 2020 quédase en 2,7 millóns.

O propio Director da OSG, Dima Slobodeniouk, advertía da situación de perigo na que se atopa a formación, indicando que co Orzamento actual non se pode planificar. Así as cousas, coa redución orzamentaria da Xunta ponse en perigo a viabilidade da OSG.



A Orquestra Sinfónica de Galicia supón un enorme valor cultural para a cidade da Coruña, con milleiros de persoas que cada tempada acoden aos seus concertos (máis de 43.500 na última tempada), con milleiros de alumnos e alumnas dos colexios e institutos que poden presenciar os ensaios da Orquestra e cunha programación de gran calidade, premiada e recoñecida co feito de que a súa canle de YouTube sexa a máis vista do sector no Estado e unha das máis visitadas en Europa.

Que a Coruña e Galiza conten con esta Orquestra supón, ademais, un elemento esencial de cultura e formación musical de primeiro nivel.

A situación da Orquestra Sinfónica de Galicia é de sobra coñecida pola Xunta, tanto a través do Concello da Coruña no presente e anterior mandato como por parte de amigos e amigas da OSG que lle trasladaron misivas ao Conselleiro de Cultura.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral en Pleno:

- Vai cumprir co pacto de financiación da Orquestra Sinfónica de Galicia?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 08/01/2020 13:50:17**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

